

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15**

**SESION EXTRAORDINARIA DO 23 DE OUTUBRO DE 2005**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Arias Moreira, José Carlos  
Bermúdez Pérez, Silvia  
Caballero Miguez, Gonzalo  
Calviño Rodríguez, Xullo  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Cotobad Tombo, Elías Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figuroa Vila, José Manuel  
Garrido González, Alicia  
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge  
Iglesias Carrera, José Manuel  
López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María Xosé  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Polo Lima, María Soledad  
Porteiro García, María Josefa  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier  
Vieitez Alonso, Henrique

**NON ASISTE:**

Alonso Vázquez, Xulio

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vintetrés de outubro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Alonso Vázquez. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

ÚNICO.(182) EXPOSICIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO EN MATERIA DE MULLER. ESPECIAL REFERENCIA ÓS PLANOS DE IGUALDADE E VIOLENZA DOMÉSTICA.

#### INTERVENCIONES

SRA. MOLARES PÉREZ: Estimadas compañeiras e compañeiros de Corporación, señora alcaldesa, comprázome en presentar diante deste Pleno extraordinario do Concello un resume das liñas de actuación máis salientables e de realización principais que dende a Concellería da Muller estamos a desenvolver para promover, vencendo a inercia social, unha igualdade efectiva de oportunidades e responsabilidades entre homes e mulleres. Trátase de políticas para, sen deixar de paliar e remediar no posible os efectos, modificar as causas da posición subordinada que durante tanto tempo tiveron e aínda hoxe en boa medida teñen as mulleres da nosa sociedade.

Así pois, é necesario considerar tales actuacións en sentido amplo, valorando conxuntamente todo canto se ven facendo e se está a facer con esa vontade. Xa que logo a recapitulación que presentarei ten ese horizonte amplo, non obstante non quero deixar de subliñar unha dimensión específica do problema que enfrontamos e que é unha manifestación exacerbada do mesmo, a violencia contra as mulleres. Todo un problema social colectivamente percibido co que nos sentimos singularmente solidarias e solidarios, ó punto que define un horizonte de urxencia e prioridade na resposta que se encadra naquel abordaxe global de vocación holística.

Sempre é unha boa ocasión para revisar o feito, para o dar a coñecer, pero esta oportunidade ten un valor singular porque chega cando temos unha traxectoria consolidada de actuación que permite a contextualización xusta de realización singulares. Doutro lado a historia da nosa sociedade, do noso País, bríndanos hoxe tamén unha efeméride que orla dun xeito especial a convocatoria deste foro representativo de vontade popular. Hai 75 anos

neste mes de outubro, as Cortes escribiron historia aprobando o voto feminino, convén non perder de vista que aquela decisión colectiva foi non obstante posible só polo empeño, a convicción e a entrega dunha muller, a deputada Clara Campoamor que co seu traballo paciente fixo posible ese paso histórico e irreversible a prol da igualdade, non sen indiferenza, cando non a incompreensión ou a oposición aberta de boa parte da sociedade, das súas organizacións, dos propios partidos políticos. Reivindico pois hoxe a súa memoria e o seu exemplo e sei que me podó sentir nesta afirmación solidaria con todos vostedes, compañeiras e compañeiros de Corporación. Dito isto quero proceder xa ó resume que hoxe nos convoca e para iso vou recorrer ó apoio dunha presentación visual querendo trazar as liñas esenciais dun balance nese sentido devandito. Prescindirei así dunha relación morosa das cifras e feitos que reiteraría literalmente o que xa consta nela.

Pero aínda antes de comezar e de xeito ben singular, por se tratar deste ámbito institucional, quero facer unha reflexión. As realizacións que agora glosarei conforman un balance ó meu xuízo ben satisfactorio e coido que é de xustiza imputalas no haber do goberno municipal do que me honro en formar parte asumindo precisamente as responsabilidades nesta área. Entendo así que o xeito concreto en que se materializaron leva sen dúbida o acento peculiar do xeito de xestionar e facer política do noso grupo municipal. Porén, coido tamén con idéntica convicción que ese conxunto de feitos tanxible que debuxan, por certo, a imaxe veraz dun Concello con especial sensibilidade, pero ante os determinantes da condición feminina na nosa sociedade que fan da administración municipal de Vigo pioneira e referencia nesta materia, son o froito dunha preocupación e dedicación que compartimos as distintas forzas políticas que conformamos esta Corporación. É por iso de lei lembrar aquí os nomes de M<sup>a</sup> Xosé Porteiro, hoxe aquí presente, M<sup>a</sup> Teresa Fernández e Ana Gandón, con xeitos e talentos propios cada unha, dende posicións ideolóxicas diversas como concelleiras de Muller sentaron as bases das dinámicas e estruturas que hoxe fan posible estas realizacións.

Ó fío disto cómpre tamén que neste ton de recoñecemento faga mención do conxunto do persoal profesional dos servizos e dependencias nos que se articula a Concellería, tanto das funcionarias e contratadas do propio Concello, como das traballadoras das entidades da cidade que nalgún caso a xestionan. Identicamente e cun singular significado, na medida en que a súa

actitude de compromiso é unha alentadora expresión de vitalidade democrática, debe mencionarse ó conxunto do tecido sociocívico da nosa comunidade, nomeadamente as entidades presentes no Consello Municipal da Muller tamén hoxe aquí algunhas presentes.

A través daquel tecido, das mulleres que o encarnan neste ámbito concreto, o mellor da nosa sociedade vense comprometendo moral e efectivamente con tantas e tantas accións concretas a prol da consecución dunha igualdade real de dignidade e oportunidades para mulleres e homes.

Sen ese compromiso, sen a lexitimidade e a forza que outorga saber que estamos a traballar, non só para as cidadáns e os cidadáns, senón a pé delas e deles o balance sería caso ben outro.

Expresado pois con absoluta sinxeiridade o anterior, naquela dinámica que comprometín de ir ó esencial debo pois pasar a referencias singulares e concretas que pretendo compartir co conxunto da Corporación e da sociedade. En calquera caso antes de entrar directamente en materia, aínda hai outra cuestión á que me quero referir. Trátase de definir os criterios que veñen informando a nosa xestión neste ámbito e que de xeito expreso e deliberado asumo plenamente. Neste sentido quero salientar que as nosas actuacións responden ó seguinte: carácter continuo no tempo traballando con sentido de traxectoria a partir das realizacións, estruturas, etc., preexistentes, tentando axeitalas continuamente pero, en calquera caso, asumindo o que vai aí de valioso na bagaxe histórica que comporta.

Carácter cívico-participativo: Como no caso anterior, a partir de consideracións que xa formulei estamos a traballar incorporando non só o parecer dende o diálogo, senón estimulando e integrando a colaboración do tecido participativo singularmente feminino, mesmo diante da prestación de servizos municipais.

Asociadamente ó devandito: rigor de xestión, e se se me permite competencial, coidando escrupulosamente de acadar unha articulación orgánica de recursos, de tecer unha rede de servizos poñendo en valor, optimizando e coordinando todos os de dependencia municipal vinculados a esta e outras concellerías. Ó tempo, dende unha opción clara por evitaren voluntarismos contraproducentes, avanzando cara ó óptimo de servizos susceptibles de se ofrecer dende o ámbito municipal pero sen pretender tampouco transcendelo, asumindo responsabilidades que se sitúan no ámbito de competencias doutras administracións públicas.

Certo é que se poderían citar outros criterios máis, pero entendo estes os de maior relevancia, de xeito que o fío do que agora comentarei coido van quedar perfectamente matizados.

Direi pois que os principais instrumentos con que contamos son uns determinados recursos e toda unha serie de plans e programas propios ou que apoiamos.

Con referencia ós primeiros débense mencionar os seguintes: Oficina da Muller, que é o alicerce e a pedra chave do conxunto que configuran tales recursos. Localizada aquí, na Casa do Concello, xestiona a programación da Concellería da Muller, avalía as políticas de igualdade, fomenta a participación das mulleres en todos os ámbitos, apoiando o seu asociacionismo, así como coordina todos os servizos exteriores especializados adscritos á Concellería que son en concreto: O Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller que, cun conxunto de profesionais que se articula nun equipo multidisciplinar, con funcionarias e contratadas polo propio Concello, está especializado e capacitado para dar orientación e respostas á par, tanto en sentido integral como específico. Se como dixen este centro está directamente coordinado dende a Oficina da Muller, estaó tamén coa Casa de Acollida asumindo organicamente algúns dos servizos que se prestan directamente ás usuarias da mesma.

A Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas e o piso tutelado asociado a esta: Este servizo municipal xestiónase mediante concesión pola asociación Alecrín, á que logo me referirei de xeito máis particular, cunha dotación humana tamén de carácter profesional e multidisciplinar.

O Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia que xestiona Mulleres Progresistas de Vigo; a Casa das Mulleres que é un equipamento municipal a disposición das asociacións de mulleres para lles servir de espazo de encontro, realización de actividades e mesmo nalgún caso sede social.

Se son estes os recursos de titularidade directa deste Concello a través da Concellería da Muller, non podo por menos que sinalar que no período da miña responsabilidade ó cargo da mesma viñémonos empeñando, xuntamente con outras accións que máis adiante sinalarei, na súa mellora estrutural de dinámica de servizo e naturalmente de dotación material e humana. De xeito ben concreto quero sinalar tres liñas de acción: o incremento de recursos humanos na Concellería, particularmente a creación dunha praza de traballadora social no Centro de Información, a incorporación dunha

funcionaria coa categoría de administrativa na Oficina da Muller e a contratación de dúas pedagogas no marco do programa "Labora". A reforma e ampliación das dependencias da oficina da Muller que ten que ir parella a ese incremento dos recursos humanos e a ampliación do horario de atención da Casa das Mulleres.

Máis como xa dixen, xuntamente con estes recursos propios están aqueles outros de titularidade de iniciativa social e particularmente os "Puntos Informa". Como vostedes ben saben a asociación de mulleres Dorna e a Federación Veciñal Eduardo Chao, como expresións do movemento veciñal na nosa cidade e dos seus compromisos concretos, manteñen con apoio municipal a partir dos respectivos convenios os dous Puntos en funcionamento desta rede de información e orientación que con frecuencia é a antesala do acceso ós servizos municipais.

A Asociación de Redes de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos na que o dinamismo dese movemento veciñal e, porque non o dicir, a relevancia como interlocutor social que se lle ten outorgado, supuxeron a cristalización nomeadamente no punto de inflexión que significa a asignatura do convenio no 2004, dunha significativa iniciativa que constituíu un axente de protagonismo notable na demanda ó Concello, pero tamén na colaboración con este, protagonismo que se concreta en accións de sensibilización e reivindicación, así como en intervencións de apoio e seguimento de acompañamento ó cabo de mulleres afectadas por este problema.

A biblioteca e o centro de documentación do Grupo de Estudos Sobre a Condición da Muller, Alecrín, como organización de iniciativas sociais e sensibilidade feminista, subvencionada en parte polo Concello e que, mediante aquela concesión que aludín, ven sendo un axente directo de colaboración coa política e co departamento municipal.

Todos vostedes saben, pero quero insistir nesta dimensión para dar conta así da materialización dos dous primeiros criterios que mencionei ó comezo, que estas realidades que expresan o dinamismo cívico das mulleres reciben, sustentándose así de xeito significativo, a nosa axuda económica. A este respecto sinalarei que ó longo do período no que veño exercendo a miña responsabilidade, a subsidiariedade municipal se manifestou nun dobre sentido. Dunha parte e conforme a aquel criterio mantivéronse todos os convenios xa existentes. Doutra, formalizáronse outros novos, os máis significativos coa asociación Redes de Mulleres Veciñais Contra os Malos

Tratos, coa Universidade de Vigo en diversas iniciativas e tamén coas Peñas Recreativas El Olivo.

Logo haberá ocasión de repasar os froitos tanxibles de acción destes recursos, da materialización en feitos reais de tales convenios, pero agora, mencionados os primeiros instrumentos con que contamos, os recursos devanditos, debemos referirmonos ós segundos: ós plans e ós programas. En canto a estes citarei o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2005-2007, o II Plan para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007, o Plan Municipal de Emprego 2004-2007 e un proxecto de singular relevancia por parte da Mancomunidade como é, no marco da iniciativa europea Equal, "Conta con Elas", en conexión varios deles con distintas iniciativas europeas como este último caso que mencionei, autonómicas, etc.

Sen esquecer que hai moitas actuacións que revisten un carácter ordinario, sen vir encadrarse necesariamente en tales plans ou ben que son con todo rigor transversais a varios destes, con todo constitúen a referencia de planificación e avaliación máis principal e por tanto un inescusable horizonte de referencia para o percorrido que pretendo levar a cabo.

Entendo lóxico comezar polo que ten un carácter máis significado de marco global de actuación; referireime primeiramente ó III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes. Aprobouse no Pleno do Consello Municipal da Muller realizado o 10 de outubro de 2005. Baixo o lema "Igualdade sen xénero de dúbidas", ten unha vixencia que se estende de 2005 a 2007 de xeito que neste momento estamos xusto na metade do seu decurso. O Plan articúlase en 4 áreas e oriéntase tomando como base o principio de transversalidade, mainstreiming de xénero, estribándose nun departamento de Igualdade de Oportunidades no que se inclúen os distintos axentes de igualdade e un observatorio constituído por representantes sociais e políticos. Pois ben, aquel principio constitúese en marco do obxectivo xeral do Plan en canto a acadar a súa aplicación en todos os ámbitos de acción municipal e nos distintos niveis de intervención desta. Este obxectivo xeral desdóbrase noutros específicos, a aplicación de políticas particulares de igualdade no ámbito local e o coñecemento da realidade nunha perspectiva de indagación científica en colaboración con entidades investigadoras e de carácter social. Pois ben, se tivésemos que enumerar as actuacións concretas levadas a cabo no horizonte destes obxectivos, sinalaríamos principalmente a coordinación estreita con outras

áreas e departamentos do Concello para a aplicación da igualdade de oportunidades en todos os ámbitos, a designación de mulleres en postos de xefaturas de libre designación no mesmo, por exemplo, Seguridade e Tráfico, Área de Persoal, Patrimonio Histórico, así como a contratación dunha traballadora no período 2004-2005 para o desenvolvemento do proxecto "Visualización e incorporación da perspectiva de xénero nos deseños, contidos e avaliacións das políticas municipais" a través do programa "Labora", coa que se levou a cabo a análise dende a perspectiva de xénero da linguaxe empregada na documentación de todo tipo, interna e externa, emitida por esta institución.

Igualmente debo sinalar a inminente creación dunha praza de axente de igualdade de oportunidades, a colaboración coa asociación de Feministas Independentes Galegas na convocatoria do Premio de Investigación "Festa da Palabra" orientado ó coñecemento da contribución das mulleres á economía e ó emprego ó longo da historia; a colaboración igualmente coas xornadas organizadas pola Vocalía da Muller da Federación veciñal Eduardo Chao, que con orientacións temáticas particulares, se desenvolveron en 2004 e 2005; e un conxunto amplo que se enumera na pantalla de colaboracións con entidades a través das subvencións das súas actividades, por certo, un abano que vai da creación literaria e plástica á adquisición de coñecementos e habilidades básicas para as mulleres, pasando pola reflexión e a sensibilización.

Doutra banda, dentro deste principio xeral debo aludir a algunhas accións inminentes. Nunha dimensión de sensibilización estamos a preparar dous cubos no Museo Verbum para os empregar na difusión de contidos sobre igualdade, linguaxe non sexista e a violencia de xénero. A Concellería da Muller leva a cabo esta actuación en colaboración coa agrupación "Desarrollo Área Metropolitana de Vigo" dentro do reiteradamente citado proxecto "Conta con Elas". estando pendentes da súa próxima inauguración.

Doutro lado non quero pasar por alto a nosa participación como socias en diversos proxectos europeos. En primeiro lugar, o proxecto "Urbal", particularmente na segunda fase, "centros locais da cidadanía de mulleres como defensoras de igualdade", na que participan Rosario, Montevideo, Sao Paulo, Toscana e na que o verán pasado se realizou un encontro transnacional ó que, por suposto, asistimos.

Ademais estamos pendentes de veren aprobados dous proxectos europeos nos que participaríamos como socias; o proxecto "Medea", que promove o SEGAI



para mellorar a atención ás usuarias por medio da formación do equipo da Casa de Acollida e máis o proxecto "Olimpia", promovido polo Concello de Madrid en orde á atención das mulleres inmigrantes.

Aínda que a pantalla non o fai constar, debe situarse tamén nesta liña pero xa como unha realidade con funcionamento efectivo, o devandito proxecto "Conta con Elas" ó abeiro da iniciativa Equal e este, como xa referín xenericamente, é un proxecto da Área da Agrupación Metropolitana de Vigo pero debo subliñar ademais que en colaboración coa Deputación provincial, as tres centrais sindicais maioritarias, a Universidade de Vigo, a Confederación de Empresarios e Empresarias e Caixanova, dando conta daquela filosofía de transversalidade.

Unha mención singular merece o convenio de colaboración suscrito entre a Universidade de Vigo e este Concello coa finalidade particular de desenvolver o máster "Xénero e Políticas de Igualdade" realizado nos dous últimos cursos, xa que coidamos fundamental a formación nesta materia. En todo caso non se esgota aquí a colaboración coa Universidade como vai haber ocasión de sinalar.

Alén disto e entrando xa naquelas catro áreas que o Plan define, falarei primeiramente con relación á primeira centrada na promoción da coeducación en dous ámbitos fundamentais da socialización: a familia e a escola. Fundamentais porque nelas nos xogamos en perspectiva de futuro a formulación dun novo paradigma da relación entre mulleres e homes, coa convicción de que estamos atacando as causas da desigualdade, o que seguro é ben máis rendible que responder ós seus efectos, malia o facer por urxencia.

Pois ben, na área devandita ó abeiro deste obxectivo xeral, na perspectiva de actuar cara á comunidade educativa e á poboación xeral, enunciarei os obxectivos específicos que o Plan formula: Asesorar ós axentes educativos en materia de coeducación de nenos e nenas; promover a participación das familias no eido escolar para a súa orientación e formación en criterios de educación non sexista; favorecer e difundir a posta en marcha de actuacións educativas que promovan a igualdade nas relacións entre xéneros e fomentar a igualdade nas relacións entre xéneros; por último promocionar traballos de investigación e a reflexión sobre as relacións entre xéneros.

Fálase entón de accións que materializan estes obxectivos e quero sinalar dúas campañas concretas: "Camiña con nós pola igualdade" no marco do proxecto "A igualdade entre xéneros no ámbito educativo e prevención das

actitudes que se fundamentan na violencia entre a mocidade" respondendo ó obxectivo xeral de fomentar a educación en igualdade de oportunidades.

A máis destas, leváronse a efecto múltiples actuacións. Así mediante o programa de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia a través do programa "Labora", foi posible a contratación de dúas pedagogas para o curso 2005-2006. Estase a atender ó desenvolvemento das seguintes actividades e obradoiros nun total de 20 centros educativos, singularmente no segundo ciclo de educación infantil, é dicir, para 3, 4 e 5 anos, e no último curso de educación primaria, 6º curso, desenvolvéndose 4 obradoiros en cada unha delas.

Chegouse así a un total de 1.570 alumnos e alumnas correspondentes a unha serie amplísima de centros públicos do Concello. O programa desenvolveuse en 4 fases: a primeira entre setembro e decembro, destinada ó deseño de materiais e á difusión do proxecto, así como ás tarefas de revisión bibliográfica e deseño de actividades e material didáctico.

Nunha segunda fase, entre decembro e xaneiro, planificouse en contacto coa comunidade educativa dos distintos centros, o desenvolvemento do programa e a motivación para a participación no mesmo a partir do envío de material de comunicación mentres se proseguía coa elaboración de materiais.

Nunha terceira fase, xa de febreiro a xuño deste ano, levarónse a cabo os obradoiros que antes mencionei naqueles 20 centros. "Camiña con nós pola igualdade" resultou un programa con tanto éxito que mesmo aquela concentración de accións e momentos determinados do ciclo pedagóxico, foi unha necesidade obrigada procurando entón o momento de maior repercusión psico-pedagóxica dos materiais e dinámicas propostos polo volume da demanda recibida. Por este motivo se vai repetir nunha segunda edición neste curso 2006-2007 e de feito xa se están verificando os contactos para actuar neste sentido.

A rigorosa da produción de materiais neste ámbito e a amplitude de actividades no mesmo é tan notable que me gustaría determe un pouco máis falando daqueles obradoiros temáticos, como ben foron parcialmente coincidentes en educación infantil e primaria. Como podemos ver na pantalla, tres dos obradoiros coinciden, evidentemente tratados cunha metodoloxía diferente adaptada ás idades, pero en cada un deles hai un diferente adaptado ós distintos ciclos.

Tamén é digno de mención o xogo "Planeta Igualdade", un xogo cun caderno de actividades que se elaborou coa participación voluntaria do alumnado de 6º

primaria dos centros participantes e que se atopa agora pendente de distribución. Ademais se lles facilitou ós centros participantes material e agasallos co lema do proxecto e unha orientación bibliográfica completada cunha serie de publicacións especializadas de interese, en parte elaborada ou auspiciada no seu día na súa elaboración polo propio Concello. Como ven na pantalla a lista é extensa e significativa.

Igualmente proporcionouse material doutra campaña municipal á que logo aludirei, para a sensibilización perante a violencia de xénero: "Eu non son cómplice" e contactouse coas ANPAS para lles indicar que este estaba ó seu dispor nos distintos centros.

Doutro lado, en 2005 desenvolvéronse unha serie de charlas en diversos centros de ensino dirixidas a rapaces e rapazas da ESO que tiñan por obxecto o fomento de igualdade entre sexos para contribuir á erradicación das actitudes que se fundamentan na violencia e construción de relacións respectuosas entre a mocidade. Tamén neste caso se utilizou a campaña "Eu non son cómplice".

Outro programa educativo municipal desenvolvido no curso escolar 2005-2006 dende o departamento de Educación da Concellería da área de Asuntos Sociais que dirixe o Sr. López-Chaves, foi o denominado "Na escola en igualdade", co obxectivo de achegar os valores da igualdade entre nenos e nenas rachando estereotipos de carácter sexista. Dirixido a nenas e nenos de educación infantil, de 3 a 6 anos, pois é primeiro e segundo ciclo de primaria e 1º e 4º curso, desenvolveuse nos propios centros a través de obradoiros de 8 horas de duración desdoblados en dúas sesións, centrándose en contidos sobre o sexo e o xénero, ámbito produtivo e reprodutivo, igualdade de oportunidades e a problemática da violencia de xénero.

"Na Escola en Igualdade" ofreceuse en 25 centros educativos chegando a 700 alumnos-as e recollendo un balance tan satisfactorio que está prevista a súa reiteración tamén neste curso 2006-2007.

Alén do comentado, a acción municipal nesta perspectiva da coeducación no espazo da familia, a educación formal e a sociedade en xeral, entronca cun plan desenvolvido no conxunto da área metropolitana "Conta con elas". Ó abeiro da iniciativa comunitaria "Iqual", "Conta con elas" é un plan no que a nosa presenza e contribución como Concello resulta determinante, particularmente a contribución do Concello de Vigo para cada un dos tres anos de desenvolvemento, o trienio de 2005 a 2007 é de 118.647,78 euros, o que supón un global de 335.000 euros e unha contribución dun 53% do total

das aportacións de todas as achegas dos membros participantes, pero o proxecto ten un importe global de 2.700.000 euros.

“Conta con elas” ten como obxectivo diminuír a discriminación laboral que afecta ás mulleres promovendo a igualdade de oportunidades entre estas e os homes e apoiando a eliminación da segregación no traballo no territorio de referencia da área metropolitana de Vigo.

Quero agora aludir a que neste marco se desenvolveron accións formativas e xornadas dirixidas ó profesorado debendo salientarse dúas: “A transversalidade de xénero no ámbito educativo”, en colaboración co CEFORE de Vigo, cunha duración de 20 horas, levado a cabo en marzo deste ano e “Novos enfoques da educación dende a perspectiva da igualdade xénero” que se realizou recentemente, os días 5, 6 e 7 deste mesmo mes.

Editáronse tamén pola Concellería dúas unidades didácticas en 2005 distribuíndose 5.000 unidades de cada unha delas entre centros de ensino, asociacións veciñais, bibliotecas, centros culturais, etc., en concreto baixo o título “Corresponsabilidade”. A primeira destas unidades didácticas abordaba o traballo e as responsabilidades domésticas dende o punto de vista da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A segunda, “Con nome de muller”, facía un percorrido a través da toponimia de Vigo pola historia das mulleres da cidade, subliñando a súa escasa presenza dende a perspectiva simbólica.

Editouse tamén en 2004 e 2005 e volverase facer agora no Nadal de 2006, unha guía para a selección sen criterios sexistas de materiais didácticos e xoguetes titulada “O xogo e o xoguete na primeira infancia, do nacemento ós 3 anos”, concibida como unha orientación para as familias. A guía en si mesma, da que se editaron concretamente 7.000 unidades para a súa distribución en centros de ensino, acompañouse da edición de 200 carteis, 15.000 tarxetóns e 50 displays para tendas de xoguetes e grandes superficies como parte dunha campaña de publicidade en prensa e radio no mes de Nadal ata Reis.

Igualmente nesta mesma liña de actuacións remitíronse no Nadal de hai 2 anos 125 lotes de obras de literatura infantil non sexista, ó tempo que ás vocalías e secretarías de Muller, de sindicatos e asociacións e ás propias organizacións de mulleres se facían chegar outros 100 lotes de obras literarias con esta orientación.

Doutro lado adquiríronse tamén para a súa distribución exemplares dun caderno educativo sobre "Educación afectiva para prevención da violencia" elaborado polo Seminario Galego de Educación para a Paz.

Velaí as principais actuacións en materia de satisfacer a primeira área do Plan de Igualdade, a referida á coeducación.

En canto á segunda, centrada na conciliación da vida familiar e laboral e na corresponsabilidade doméstica, a numeración das accións máis salientables debe ir precedida da mención dos obxectivos que naquel se lle atribúen que son os seguintes: Sensibilizar á poboación en xeral da necesidade de beneficios da conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Promover a adquisición de habilidades, coñecementos e actitudes en homes e mulleres capacitando para o desenvolvemento de responsabilidades e traballos propios do ámbito doméstico. Dotar de maiores recursos ó Concello para a atención de menores e persoas dependentes. Informar e asesorar á poboación en materia de conciliación da vida persoal, laboral e familiar en canto ós recursos, programas e lexislación.

Con estas referencias de entre as realizacións concretas quero primeiramente salientar o programa "Vivir en parella é cousa de dous"; este programa tivo un nivel de sensibilización centrado na edición de material para valados publicitarios, folletos e carteis, así como un contido en canto a formación en habelencias para permitir facer posible aquela corresponsabilidade, particularmente cursos para homes destinados fundamentalmente a tarefas normalmente máis femininas como cociña; empezamos por cociña porque era o máis atractivo pero seguimos con coidado da roupa e atención a persoas dependentes.

Tamén outros cursos destinados exclusivamente a mulleres, precisamente de tarefas tradicionalmente masculinizadas co obxectivo de acadar a autonomía e a independencia como son: reparacións eléctricas básicas, fontanería e mantemento do vehículo. Cursos tamén mixtos; "Cómo entenderse". Ademais en orde a abordar directamente as tensións de parella e o fomento de relacións respectuosas, realizouse un curso de comunicación, xestión de desacordos e resolución de conflitos con asistencia mixta. Todos os cursos devanditos realizáronse en dúas convocatorias: outubro de 2005 e primavera de 2006, estando en preparación a programación para este mesmo outono.

Nesta mesma liña, como un programa municipal de formación e animación sociocultural para o bienio 2005-2006, está "Eu tamén sei" que se concretou en cursos de formación con módulos sobre electricidade, reparacións

domésticas, fontanería, etc., neste caso exclusivamente para mulleres, en módulos de formación sobre igualdade de oportunidades e perspectiva de xénero. A este respecto quero subliñar que este é un tipo de accións de contido e significado ben tanxible das que cremos plenamente na súa eficacia e por isto van recibir un novo pulo neste ano co programa "Mollémonos, o camiño elíxelo ti".

Con todo, sinalai antes a implicación como filosofía do conxunto da administración municipal na loita, na xestión a prol da igualdade. Por iso, porque é preciso ofrecer servizos que fagan posible a conciliación da vida social e familiar, coido que se debe salienta a actuación do departamento de Educación da Concellería da área de Asuntos Sociais poñendo en marcha novas escolas de educación infantil. Particularmente no pasado curso escolar 2005-2006 púxose en marcha a Escola Infantil de Costeira-Saiáns e no ano 2007, no ano que entra, vaise inaugurar a Escola Infantil da rúa Palencia.

É salientable ademais neste sentido o feito de que no termo municipal de Vigo todos os centros de ensino público contan con comedores escolares. Non é alleo a esta realidade o feito de que dende o departamento de Educación se veña apoiando ás FOANPAS, mellorando o convenio que o Concello ten asinado con esta Federación para o mantemento do servizo de comedores escolares e a realización de actividades extraescolares. Así mellorouse e intensificouse unha liña de actuación anterior cun significado incremento como proba o feito de que o importe anual do convenio sexa de 200.300 euros distribuídos en canto a partidas principais: 150.000 euros para os comedores e 34.000 euros para as actividades extraescolares.

Nesta mesma área novamente, dentro do proxecto "Conta con elas" da agrupación "Desarrollo da área metropolitana de Vigo", fíxose unha exposición de carteis en materia de conciliación no bus que percorre os distintos Concellos da Mancomunidade Intermunicipal de Vigo.

Finalmente sinalarei que tamén está prevista a creación dun banco de tempo e para iso visitáronse experiencias similares na cidade de Barcelona a fin de recoller as referencias precisas para o poñer en marcha.

Abordando agora a terceira área do Plan de Igualdade, tal e como fixen antes comezarei por sinalar o obxectivo xeral da mesma que, na medida que atende á promoción da igualdade no mercado laboral, non podía ser outro que o fomento dunha participación equitativa no mesmo dos homes e as mulleres, obxectivo xeral que se desdobra nos seguintes específicos: coñecer a

realidade do mercado laboral en Vigo con perspectiva de xénero. Concienciar ó persoal de entidades públicas e privadas que interveñen no mercado laboral da importancia de introducir o principio de igualdade. Desenvolver accións positivas en institucións públicas e privadas do mercado laboral de Vigo para a eliminación das distintas formas de discriminación.

Para abordar esta dimensión da acción municipal precisamente, e novamente ó abeiro dos criterios que sinalai ó empezo, é necesario contextualizar obxectivos e actuacións na perspectiva de coherencia e coordinación no Plan Municipal de Emprego 2004-2007 xustamente agora que está no seu ecuador, porque o certo é que máis alá deses criterios o Plan de emprego mesmo ten como un dos seus obxectivos, e cito literalmente: "...favorecer a inserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ó mundo laboral, entre eles a poboación feminina en xeral e as mulleres vítimas de violencia doméstica en particular. Concretamente tentarase dar cabida dentro dos diferentes programas do plan á totalidade das mulleres que anualmente ingresan na Casa de Acollida".

Debo dicir tamén na, literalidade novamente do seu redactado, que un dos seus criterios transversais se expresa nos termos seguintes: "Os programas e proxectos acollidos ó Plan deberán incidir especialmente na facilitación do acceso das mulleres ó mundo laboral en condicións de igualdade, nomeadamente naquelas profesións nas que a súa presenza actual sexa significativamente inferior á que sería desexable nunha hipotética situación de normalidade e igualdade de xénero".

Esta perspectiva que coido ambiciosa á par que realista, concrétese fundamentalmente en tres liñas: A promoción do autoemprego, a promoción do emprego por conta de terceiros e a valoración prioritaria de mulleres que reúnen determinados requisitos ó acceso a proxectos municipais ou nos que o Concello actua como xestor do acceso.

Na primeira destas liñas, a promoción do autoemprego, salientase en primeiro lugar o programa de axudas municipais á creación de empresas. As bases da convocatoria para o ano 2006 están dirixidas ó fomento da creación de empresas por mulleres, entre outros colectivos como tamén son os que establecen empresas no Casco Vello, ademais de recoller un incentivo específico se a empresa beneficiaria está constituída por persoas vítimas de violencia doméstica, como mínimo ten que ser unha socia. Así, de xeito ben significativo o importe máximo de axudas cífrase en 3.000 euros, tendo

en conta que o importe da subvención terá un incremento de 500 euros se a empresa beneficiaria está constituída por unha persoa vítima de violencia. Con carácter acaso máis simbólico, pero non por iso precisamente con menor relevancia, no marco do Salón do Emprendedor-emprendedora do Atlántico, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego patrocina con 3.000 euros o premio á muller emprendedora vinculado á explotación de novos xacementos de emprego.

Na segunda liña, a promoción de emprego por terceiros, está dunha banda o programa de axudas municipais á contratación. Neste caso concreto as bases da convocatoria para este ano 2006 están dirixidas ó fomento de contratación de mulleres, entre outros colectivos que son discapacitados e tamén empresas localizadas no Casco Vello, ademais de recoller un incentivo específico se a persoa contratada é vítima de violencia, podendo beneficiarse destas axudas as empresas privadas independentemente das súa forma xurídica e tamén entidades distintas da administración pública que contraten a persoas desempregadas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego. Doutro lado, na aplicación do programa "BIAL", Brigadas Integrales de Actuación Local, á hora de seleccionar ó persoal beneficiario dase prioridade ás mulleres, nomeadamente ás vítimas de violencia. De feito téntase que o 60% das prazas para cada quenda sexan cubertas por mulleres e vaise reservar un 10% dos postos de traballo que anualmente se ofertan na categoría de peón para atender ás persoas pertencentes a colectivos de urxencia identificados directamente polo Centro Municipal de Información á Muller no último ano previo á convocatoria.

Quero subliñar de xeito singular que actuar con estes criterios supón executar unha acción positiva a prol das mulleres, tentando inverter as proporcións reais en que homes e mulleres se distribúen nas solicitudes. "BIAL" céntrase de feito en profesións tradicionalmente masculinas e xa que logo as solicitudes de participación responden naquela distribución a esa inercia de xénero que nós deliberadamente estamos, como dixen, tentando inverter. Polo tanto, aínda que no número de solicitudes é maior o dos homes que o das mulleres, o número de persoas que entra no programa ó final, é maior o de mulleres que o de homes.

Xa en terceiro lugar, en canto a liñas de traballo, entroncando co que acabo de mencionar direi que se prioriza tamén ó colectivo de mulleres na fase de baremación para a selección de persoal beneficiario do proxecto



"Actívate", que ten como un dos seus obxectivos principais a mellora da ocupabilidade de persoas desempregadas, prioritariamente mulleres con dificultades de inserción laboral e pertencentes a colectivos en situación, ou risco de exclusión social, mediante a súa capacitación profesional correspondente.

Outro tanto faise na selección do persoal para contratar no marco de programas de cooperación subvencionados pola Xunta de Galicia, tendo en conta sempre de xeito especial ó colectivo específico de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Se estou dedicando un especial interese a esta área do emprego, é porque dende evidencias sociolóxicas indiscutibles e dende o convencemento que nelas se fundamenta, está fóra de calquera especulación a relevancia da igualdade no acceso e participación no mercado laboral como clave da igualdade en todos os niveis, pois efectivamente a autonomía económica é unha chave da autonomía persoal e por tanto da liberdade persoal e da potencialidade para, exercéndoa, facer efectiva a propia dignidade.

Dada en suma a importancia, a extensión da acción municipal neste ámbito de emprego, vanme permitir unha brevísima referencia en termos estatísticos. Como poden ver na proxección, os datos de 2004 falan dun volume moi significativo de persoas beneficiarias e dunha alta participación de mulleres dando conta da vontade dunha acción positiva neste sentido. A proporción concreta de vítimas de violencia é en razón da entidade numérica deste subconxunto que significa 35 mulleres vítimas de violencia en distintos programas.

Así en 2005, manténdose os datos referenciais en niveis moi semellantes, a participación feminina é máis regular no seu peso porcentual nos distintos programas reflectíndose un logro expresivo na ampliación do abano de opción para as vítimas de violencia participantes nos mesmos: pasamos de 35 a 49 mulleres vítimas de violencia integradas nos distintos programas de emprego.

No ano 2006 seguimos na mesma liña de actuación aínda que os datos non están completos e polo tanto non son comparables. Sen perder de vista estas cifras que renden conta cabalmente dos esforzos do Concello como tal, vólome referir ó programa da área metropolitana "Conta con elas" ó que xa antes aludín. Pois ben, nas feiras Navalía e ASIC0 realizadas na nosa cidade, ademais do bus da igualdade que mencionei houbo presenza dun stand da campaña e, xuntamente coas accións publicitarias e de difusión asociadas

á comunicación da campaña en si, realizáronse dous seminarios co empresariado responsable de recursos humanos que expuxeron experiencias de accións positivas nas súas empresas con mulleres empresarias ou con representantes do sector naval.

Tamén no marco deste proxecto cabe falar do "Mes da Igualdade". Consiste na presenza do devandito autobús no territorio dos Concellos que conforman a área metropolitana, modelándose o itinerario por localizacións concretas en razón da poboación á que se dirixe. Quero sinalar que dentro deste programa, do 20 de novembro ó 5 de decembro teremos aquí en Vigo o "Mes da Igualdade" con presenza do devandito bus.

Outras actividades que configurarán este "Mes da Igualdade" serán: Cine Fórum, verbo á diversificación profesional e os estereotipos de xénero; unha exposición, "Imaxina e comparte máis", sobre conciliación laboral e familiar e corresponsabilidade; obradoiros cambiando os guións "Eu tamén quero ser", de carácter práctico e dirixidos a alumnado da ESO para que reflexione sobre a influencia do xénero na elección das expectativas profesionais e itinerarios curriculares; un obradoiro específico dirixido a mulleres, "Aproxímate á igualdade, homes e mulleres nun mesmo espazo", orientado a observar a reprodución de estereotipos dentro da familia e a súa proxección na vida social; así como finalmente unha mesa redonda con mulleres con ocupacións tradicionalmente masculinizadas.

Por certo, respecto do bus da igualdade debo sinalar que se trata dunha acción executada pola Deputación Provincial de Pontevedra para o proxecto "Conta con elas" dirixida a dar a coñecer todas as actuacións desenvolvidas no eido da igualdade no contorno e realizar actividades de sensibilización. Dotado con todo tipo de material didáctico e cunha coidada accesibilidade, supón unha base dende a que se facilita abundantes soportes divulgativos entre o que salientarei un son interactivo virtual: "A igualdade non é un xogo", dirixido fundamentalmente á poboación moza nas idades que corresponden coa ESO.

Nesta área da promoción da igualdade no mercado laboral, na consideración das posibilidades coas que estamos cooperando, salientarei a convocatoria pública por parte da CEP. Esta mesma fin de semana aparecía nos xornais, aínda que nas bases desta iniciativa lévase xa traballando dende xuño. Axudas de ata 2.300 euros por empresa para financiar os custos de formación co obxecto de promocionar os postos de responsabilidade a traballadoras, implicando o cambio de salario e categoría profesional. Coido que este é un

programa importante que se denomina "Promociona" e determina precisamente que actúe para eliminar a segregación vertical, así como a convocatoria para a aplicación de medidas efectivas a favor da igualdade de oportunidades con ata 4.000 euros por empresa, denominado Rede de Empresas pola Igualdade.

Ademais destas accións que no marco do programa "Executa" poderían sinalarse outras asumidas por Caixanova. Igualmente o estudo específico de convenios colectivos analizando as medidas tendentes á conciliación da vida persoal e laboral que se está levando a cabo pola Universidade de Vigo e tamén a diagnose "Mide" que supón unha diagnose das empresas sobre a súa situación real en canto á igualdade.

Outra actuación coa Universidade Vigo é outro programa que constitúe 20 prazas gratuítas para a asistencia ó módulo de Economía e xénero do máster de igualdade, dirixido fundamentalmente a responsables de Recursos Humanos das empresas pero tamén a cargos intermedios e técnicos de emprego.

Por último sinalar que tamén por parte das alumnas na Concellería e no Centro de Información Municipal dos Dereitos da Muller se efectúan as prácticas deste máster.

Volvendo ás actuacións singulares do noso Concello, dentro desta área, quero aludir á subvención de accións executadas por outras entidades e ó longo deste ano, concretándose no apoio económico ás actividades que se mostran na pantalla: as xornadas de fomento do asociacionismo empresarial en colaboración coas empresarias da provincia de Pontevedra; o encontro sindical entre CIG-UXT de Vigo e a Unión Comarcal de Vigo de CCOO; a edición dunha guía de recursos para desempregadas coa Federación de Veciños "Eduardo Chao"; a xornada "Únete a elas" coa asociación Xóvenes Empresarios de Galicia e Vigo e o encontro sindical en solidariedade coas mulleres inmigrantes xuntamente co Centro de Información e Traballadores Estranxeiros de Vigo.

Chego así na miña recapitulación, atendidas xa a coeducación, a conciliación da vida familiar e laboral, a corresponsabilidade e a igualdade de oportunidades no mercado laboral, á promoción de hábitos de vida saudables.

A este respecto noso Plan Municipal de Igualdade formúlase como novidade verbo das outras áreas un dobre obxectivo xeral. Por un lado incidir na asunción de hábitos saudables para unha mellora na calidade de vida por medio de información sobre saúde e xénero e por outro promover a

participación activa das mulleres no deporte, eliminando estereotipos neste eido e por medio da aplicación de mecanismos que permitan acadar unha maior cota de responsabilidade das mulleres nas entidades deportivas.

Estes obxectivos normalmente definen outros específicos pero agora estes tres en particular: informar ás mulleres acerca da detección precoz de enfermidades prevalentes e problemas relacionados coa súa saúde; propoñer mecanismos que permitan acadar cotas de participación paritaria de mulleres e homes nas institucións deportivas e na práctica de deportes; e establecer accións concretas que incidan na eliminación de estereotipos relacionados co xénero no ámbito deportivo.

No Plano de realización, xa que me referín minutos atrás ó programa "Eu tamén sei" e á liña que este marca contribuíndo no sentido dos obxectivos do Plan de Igualdade que mencionei, quero particularmente sinalar catro liñas de acción. A primeira ven dada pola propia entidade como programa municipal de formación e animación sociocultural. Así no sentido concreto en que agora me refiro a el participan 50 asociacións e vocalías da muller de xeito que o programa inclúe módulos formativos de hábito de vida saudable, particularmente cursos xa programados e pendentes de desenvolver de autoestima, calidade de vida, obradoiros de saúde e nutrición, ximnasia, etc. Ademais organizáronse cursos de autoestima dende a propia Concellería, subvencionándose tamén a organización dende outras entidades. Igualmente se colaborou coa asociación ASVIDAL nas xornadas de prevención do alcoholismo. Quero salientar que estamos traballando arreo para promover e aumentar a presenza feminina no ámbito da práctica deportiva e no da participación nas responsabilidades directivas e de xestión das entidades deportivas, é dicir, a presenza e o protagonismo das mulleres no mundo do deporte, cunha sensibilidade especial, e quero insistir nisto, cara xustamente a aqueles deportes tradicionalmente masculinos. Subliñarei neste sentido o apoio ó club de fútbol feminino "El Olivo" que se atopa en primeira nacional, téndose doutro lado efectuado distintos investimentos para dotar de vestiarios de mulleres diferentes instalacións deportivas, como é o caso do campo de fútbol do Meixoeiro, entre outros. Facilitar e promover a práctica do cachi-ball, destinado a mulleres de máis de 65 anos para manter a psicomotricidade e por tanto beneficiar a súa saúde.

Ademais esta é unha área na que abondaron as actuacións singulares como a colaboración no obradoiro "A muller no deporte" no marco das Xornadas de Mulleres Veciñais de Vigo, en colaboración coa Vogalía da Muller da

Federación veciñal "Eduardo Chao" e a subvención a outras entidades para o desenvolvemento de accións neste campo.

Se estas todas son expresións salientadas na concreción do plan ambicioso que supón o de igualdade, non é menos certo que por unha evidente especificidade e máis por aplicar un criterio de transversalidade, algunha das accións de máis calado ás que me teño que referir con plena coherencia e converxencia con este III Plan de Igualdade, corresponden ó II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres.

A violencia contra as mulleres é, como xa sinalai ó comezo, a expresión máis extrema e por iso mesmo tamén a máis acabada e reveladora do complexo de ideas e prexuízos con que se ten xustificando a posición dependente das mulleres. Únese á súa dimensión dramática e evidente e non admite discusión para calquera sensibilidade moral ou democrática minimamente fundamentada, unha dimensión simbólica na que, penso sinceramente, nos xogamos unha boa parte das posibilidades de modificar dende a raíz a dinámica da desigualdade. Por esta razón este plan ten un significado central e estratéxico na nosa política de muller, particularmente traza un ciclo estando agora no segundo estadio do mesmo cunha vixencia de 2004 a 2007.

Doutro lado, se xa sinalai que é un plan central na resposta ó desafío que hoxe nos convoca neste salón de Plenos, cun carácter emblemático pola gravidade da interpelación á que quere contribuír a dar resposta, adquire tamén ese carácter por aquel carácter pioneiro de acción municipal do noso Concello neste ámbito e tamén pola importante cantidade de esforzos e recursos que a el destinamos e de potenciais sociais que mobiliza. Articulado en áreas como apoio e seguimento, optimización e adecuación de recursos, coordinación, información e sensibilización, se falo da primeira debo sinalar ámbitos como os do seguimento e apoio económico á vítima, vivenda, formación, emprego, conciliación da vida persoal e laboral e menores, cos seus correspondentes obxectivos, articulando así o conxunto dos dez que debullan o contido desta área primeira.

Daquela os obxectivos concretos que definen o seguimento e apoio ás vítimas son, por esta orde e tal e como ven: Mellorar a atención inmediata ás mulleres vítimas de violencia; reforzar os mecanismos de apoio e seguimento na fase correspondente á saída das mulleres usuarias da Casa de Acollida; facilitar a socialización das mulleres vítimas de violencia e potenciar o acceso das mulleres que anualmente ingresan na Casa de Acollida ós servizos municipais deportivos e de lecer.

Entón as principais actuacións que de xeito efectivo materializaron este conxunto de intencións supuxeron, por exemplo, que se procedese á asignación dun diñeiro de peto ás usuarias da Casa de Acollida téndose desenvolvido outras actuacións como reforzar o servizo da Casa mediante a contratación dunha traballadora social e mellorar as condicións da estadia, suprimindo entre outras cousas a realización polas usuarias das tarefas de limpeza común e cociña.

Se estas medidas se adoptaron xa dende o 2004, entre o 2004 e o 2005 melloráronse as instalacións da Casa e, como quero subliñar agora, en 2006, dentro dun proceso de seguimento e avaliación continuado do Plan que coído é unha mellora substancial respecto ós seus precedentes, levamos a cabo unha enquisa de satisfacción entre as usuarias da Casa cuns interesantes resultados que axiña sintetizarei.

Asemade reguláronse e incrementáronse as bolsas económicas de axuda á saída da Casa de Acollida para as mulleres usuarias que no momento de abandonala así o precisaron, beneficiándose 7 mulleres en 2004, supoñendo unha cifra de máis de 3.500 euros. Os valores correspondentes para 2005 son de 11 mulleres e 7.300 euros e para o 2006, ata o 31 de agosto, practicamente 4.500 euros dos que se beneficiaron 7 mulleres. Ademais o ano pasado acadamos elevar a contía máxima ordinaria destas bolsas ata 650 euros, ó tempo que se creou como novidade sobre as prácticas anteriores unha axuda extraordinaria para a que se fixou a contía máxima en 900 euros. Tamén se flexibilizaron os criterios de outorgamento destas axudas en cada ocasión concreta para atender precisamente a integración e incorporación á vida normal destas mulleres.

Pero o certo é que neste, como noutros campos, máis aló do literalmente planificado, dase unha profusión de actuacións que sería imposible consignar aquí unha a unha pero que convén cando menos selectivamente mencionar, xa que de non as ter en conta non se debuxaría unha imaxe cabal dos esforzos no plano político-administrativo, profesional e económico que estamos a desenvolver. Citarei dentro daquel obxectivo de reforzo dos mecanismos de apoio cando se abandona o abeiro da Casa de Acollida, a adhesión ó Servizo de Teleasistencia Móbil, aínda que quero subliñar para evitaren calquera confusión que é un servizo extensivo a todas as vítimas de violencia, recorran ou non á Casa de Acollida, materializada dende o 2004; e o inicio da emisión de certificados para a percepción da RAI tamén dende ese ano por parte da nosa oficina.

Sempre neste ámbito do reforzo dos mecanismos de apoio e seguimento no momento da saída da Casa de Acollida, asinouse un convenio coa Xunta de Galicia para dotar de equipamento vivendas destinadas ás mulleres vítimas de violencia. É este un recurso máis para garantir en determinados casos particulares unhas condicións de partida que fagan factible a reconstrucción de todo un proxecto vital. Coido así significativo que esteamos a falar dun valor económico concreto de 30.000 euros.

Coido tamén salientable, marcando unha liña de actuacións a ter en conta en perspectiva de futuro, a inclusión en 2006 dunha cláusula social dando prioridade ó colectivo de referencia nas normas para a selección previa dos beneficiarios e beneficiarias na adxudicación de vivendas de promoción pública. Mencionarei un feito concreto dentro daquela dinámica de transversalidade que referín cando iniciaba esta exposición, froito da xestión política interna da Concellería de Muller perante a de Urbanismo; como resultado a Xunta de Goberno aprobou unha cláusula para unhas normas tales na promoción a executar por "Eduardo Chao, Promoción de Vivendas Protexidas, SLU", sociedade adxudicataria do contrato de venda da parcela edificable propiedade do Concello de Vigo sita no PERI IV, Barreiro II do PXOM, para a construción de 100 vivendas de protección autonómica.

Referinme xa a que un dos ámbitos específicos desta área de apoio e seguimento é o da formación e o emprego, pero precisamente naquela dinámica de transversalidade e agora por se tratar dun espazo no que, acaso xunto co doméstico, nos xogamos en maior medida un presente, un futuro de igualdade de oportunidades, quero volver mencionar o Plan Municipal de Emprego 2004-2007, que ven sendo o soporte marco dunha chea de actuacións ben concretas de promoción das opcións reais para as mulleres vítimas de violencia.

Así no que ten que ver coa súa inserción no mercado laboral, como se tivo a procura de integración nos diferentes programas para as mulleres que ingresan na Casa de Acollida, está a ser unha liña prioritaria. De feito no caso particular do programa BIAL téntase, como xa dixen, que o 60% das prazas para cada quenda sexan cubertas por mulleres e resérvase un 10% dos postos que anualmente se ofrecen na categoría de peón, para atender ás persoas pertencentes a colectivos de urxencia identificadas polo Centro de Información da Muller no último ano previo á convocatoria.

En todo caso no conxunto de programas e servizos do Plan Municipal de Emprego "BIAL", "SOL", "VIGO-ZOO II", "Formación ocupacional", "Accións de acompañamento, inserción e outros", aquela intención materializouse de

xeito ben concreto, referíndome en 2004 e 2005 a 35 e 49 mulleres vítimas de violencia, respectivamente, participaron dos mesmos en virtude dos criterios devanditos, no caso concreto do programa BIAL, en 2005 10 mulleres vítimas de violencia foron contratadas ó abeiro de tal programa e o mesmo para este ano 2006.

Doutro lado, dentro do programa e cooperación coa Xunta de Galicia para inserción laboral de mulleres vítimas de violencia, que cubre o período de decembro de 2005 a decembro de 2006, hai que computar a contratación doutras 7 mulleres en tal circunstancia, contratación na que o Concello de Vigo neste caso é o empregador. Desta actuación quero salientar que, á parte da importancia que ten para as propias mulleres, para as mulleres que recuperan un posto de traballo e por tanto parte da súa dignidade, tamén ten significativa importancia pola relación que se produce entre as mulleres vítimas de violencia e os propios técnicos e técnicas municipais nos distintos departamentos do Concello onde se distribúen, posto que traballar cóbado con cóbado con estas mulleres supón un exemplo, sobre todo unha concienzación e sensibilización do persoal municipal moi importante á hora de poder desenvolver distintos programas.

Volvo enfatizar o significado estratéxico que o mercado laboral, o acceso e a circulación no mesmo en pé de igualdade, ten como condición "sine qua non" da autonomía económica e así da autonomía de decisión, de liberdade persoal como alicerce e garantía da igualdade efectiva en todas as ordes.

Por iso outro nivel destacado de realización veu dado polo obxectivo concreto no ámbito do emprego, dentro desta área de apoio e seguimento en canto a contribuir a harmonizar a vida profesional e persoal das mulleres vítimas de violencia. A este respecto interesáralles especialmente saber que se modificou o prego de condicións da prestación do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia en 2005 en orde á consideración como colectivos preferentes para a concesión do servizo ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás mulleres beneficiarias de programas municipais de emprego; ademais se modificou o contrato de prestación do servizo ampliando a súa contía cun incremento dun 40% sobre a cifra do 2005, pasando de 120.000 euros a 168.000 euros actualmente.

Tamén dentro desta área de apoio e seguimento xa no ámbito de menores, nunha dimensión máis cordial se se quere, pero digna de mención na medida que responde ó calor e á afectividade de trato que procuramos, na perspectiva de facilitar a normalización dos fillos das familias que pasan



por experiencia traumática dende 2004 véñense levando a cabo accións xenéricas para, promovendo a súa participación en actividades de todo tipo, promover a súa socialización. Ademais e con carácter preferente entregáronse ás mulleres residentes na Casa de Acollida e ós seus fillos e fillas, invitacións e pases para asistir a diversas actividades lúdicas de todo tipo, como concertos, circos e todo tipo de actuacións que se organizan polo Concello.

No que cómpre á área de optimización e adecuación de recursos, a segunda por aquel criterio de racionalidade que reivindiquei ó comezo como clave da nosa xestión, quero numerar os obxectivos que o Plan establece: Mellorar o acceso da poboación feminina á información sobre os seus dereitos, aínda que logo volverei con máis detalle sobre esta cuestión falando particularmente do Centro Municipal de Información de Dereitos da Muller. Dende o 2004 ata o 31 de agosto deste ano o volume de mulleres atendidas foi de 2.329, dando conta de cómo este servizo responde non só a unha necesidade real, senón tamén cun volume social de incidencias ben significativo.

Segundo, proporcionar unha axeitada atención ás mulleres vítimas de violencia a partir da cualificación das e dos profesionais que a prestan.

Terceiro, unificar os sistemas e procedementos de recollida de información sobre a atención ás mulleres vítimas de violencia en todos os servizos de atención especializada ó colectivo.

No caso particular do obxectivo segundo dos que mencionei hai unha serie de accións que ben merecen seren salientadas: A realización en 2005 de obradoiros sobre atención directa a mulleres vítimas de violencia, dirixidos a membros da Policía Nacional e Policía Autonómica e tamén a profesionais de atención primaria do SERGAS, nesa liña de coordinación e de ir máis aló do que é a competencia estritamente municipal pero sempre polo ben único das mulleres.

Ó longo dos anos e xa que logo tamén agora en 2006, a colaboración das profesionais do Centro de Información da Muller nos cursos de mediadoras da Rede de Mulleres Veciñais Contra Os Malos Tratos e tamén a través dunha conferencia dos 15 anos do propio CIMDM. Igualmente neste ano 2006 a impartición recente por parte desas mesmas profesionais dun módulo formativo en cursos dirixidos á Policía Local, particularmente no mes de maio.

Estas últimas actuacións parécenme particularmente salientables na medida que supoñen ampliar proxectivamente o curriculum da nosa experiencia entendida como contribución para unha abordaxe integral deste fenómeno.

Volvendo á enumeración das actuacións en canto ó obxectivo terceiro, que supón unha mediación fundamental para un mellor coñecemento do problema en si, das respostas que lle imos dando e por tanto dunha base fundamental para a abordaxe do mesmo, sinalarei como elementos determinantes as realizacións tanxibles que supoñen as accións xa materializadas ó longo de 2005-2006. O deseño e utilización dunha nova aplicación informática no CIDM é fundamentalmente a ampliación da captura de datos en si, informatizando o seu rexistro nos distintos servizos e na Oficina da Muller.

Dando un paso máis e como veño de facer antes, nesta outra área terceira de coordinación, tamén polo xeito singular con que nela se concretan aqueles criterios que sinalei ó empezar, quero tomar a licenza de ler literalmente os obxectivos: "Mellorar a coordinación entre os distintos servizos e recursos máis directamente implicados na atención ás mulleres vítimas de violencia; potenciar a descentralización dos servizos e recursos da administración local para facilitar a detección e denuncia da violencia; optimizar a prestación dos servizos de atención ó colectivo de referencia mediante o fomento da coordinación e a colaboración con outras administracións públicas. Confirmando o seu cumprimento é de destacar que se mantén a coordinación periódica da Oficina da Muller e os servizos da Casa de Acollida e do CIDM, establecéndose xuntanzas con carácter bimensual.

En canto á descentralización dos servizos e recursos da administración local para facilitar a detección e denuncia da violencia, completando e mesmo reiterando sinalamentos anteriores direi que se renovaron os convenios de colaboración xa existentes coas asociacións responsables dos "Puntos Informa", Federación veciñal "Eduardo Chao" e Asociación de Mulleres "Dorna", dirixidas respectivamente por Elena, cuxa coordinadora na Vogalía é Mercedes e tamén por parte de Dorna, a vicepresidenta do Consello Municipal da Muller, Aurita, ambas institucións que colaboran profundamente con esta Concellería.

Doutro lado moi significativamente asinouuse un novo convenio coa Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos e digo porque o conxunto das voluntarias desta entidade realiza un traballo de acompañamento das afectadas pola violencia que, ademais de seren imprescindible, estaría por

completo fóra do alcance das posibilidades do Concello. Debe loarse, pois, a acción desa entidade e desas voluntarias, debuxando unha interacción cos servizos sociais, neste caso particulares e específicos para as mulleres, que é un exemplo e un modelo de intervención comunitaria, coordinando os imprescindibles servizos públicos profesionalizados e a responsabilidade cívica da iniciativa social organizada. Por tanto coido que é xusto que neste Pleno se recoñeza o traballo desas 170 mulleres que traballan sempre que se necesita a favor das mulleres.

Verbo o terceiro obxectivo que lembren, respondía á optimización da prestación de servizos a través da cooperación e coordinación entre administracións. Se xa mencionei a adhesión, sendo un dos primeiros concellos adheridos ó servizo de teleasistencia móbil hai máis de dous anos ó abeiro dun convenio entre a FEMP e o Ministerio de Asuntos Sociais, téñome que referir agora á mellora económica do convenio coa Deputación Provincial para axuda ó mantemento da Casa de Acollida, negociado en 2005 certamente en termos ben satisfactorios xa que a contía do convenio, como ven levemente superior ós 100.000 euros, en concreto 103.425, ven duplicar a cantidade da que dispoñiamos en 2003.

Vou tamén mencionar o convenio entre o Ministerio do Interior e a FEMP ó que está adherido o Concello de Vigo para a coordinación dos distintos corpos policiais. Particularmente puxemos en marcha neste mesmo ano o EVAP, para a atención e protección das mulleres vítimas da violencia de xénero, a partir da coordinación entre a Policía Nacional e a Policía Local.

Tamén ó respecto desta área e dos seus obxectivos, probando aquel significado carácter de referencia do noso compromiso e respostas nesta materia, quero sinalar a participación das profesionais do CIDM, como expertas nunha serie de xuntanzas coa Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, co obxecto de elaborar o proxecto de lei contra a violencia de xénero que está previsto no Parlamento de Galicia.

Importancia singular ten a subvención á realización dun curso da Universidade de Vigo denominado "Dereito Penal e Muller a través do cine". A este evento o Concello de Vigo contribuíu con 5.000 euros equivalentes a 100 matrículas gratuítas para a súa distribución entre profesionais e persoas voluntarias que desenvolven o seu labor no eido da igualdade. Este curso tiña un dobre obxectivo: conseguir mellorar a formación das mulleres, pero tamén achegar a Universidade ó tecido asociativo, de feito non se realizou na Universidade senón que neste caso se impartiu no Conservatorio.

Realizadas estas Xornadas en novembro de 2005, estruturáronse en 4 sesións a xeito de mesas de traballo e en 4 temas moi importantes para o xénero como foron "Biotecnoloxía e xéneros", "Delictos de manipulación xenética", "Delitos de prostitución, prohibición ou legalización", "A discriminación da muller inmigrante, tráfico ilegal e inmigración clandestina" e por último o tema da "Violencia no ámbito familiar, efectos da Lei integral contra a violencia de xénero". Esta mención debe contextualizarse no marco da cooperación coa Universidade en diferentes liñas que xa mencionei, esta particularmente coa Cátedra de Dereito Penal.

Avanzando agora na área de información e sensibilización, a cuarta das que conforman o Plan contra a Violencia, os seus 6 obxectivos específicos articúlanse en 3 ámbitos: Difusión de recursos, información e sensibilización social e investigación.

No caso concreto da primeira destas áreas o obxectivo correspondente está formulado como "Difundir os recursos, servizos e actuacións desenvolvidas en materia de violencia cara ás mulleres", tendo implicado a edición e difusión de todo tipo de material divulgativo sobre a violencia contra as mulleres e particularmente do documento que contén o II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007, todo ó longo deste ano e máis do pasado.

A partir daqui mencionarei os obxectivos do segundo ámbito, imputándose as accións concretas máis salientables que os veñen materializando. Así, en canto a sensibilizar e informar á poboación xeral sobre o fenómeno de violencia de xénero destacarei "Eu non son cómplice" detallando algunha alusión anterior.

Iniciado en 2003 coa aprobación por unanimidade do Pleno ordinario de 24 de novembro, significa unha estratexia ambiciosa, a implicación do corpo social organizado na resposta ó grave fenómeno do maltrato. Dende o punto de vista daquela implicación social unha directriz determinante é o traballo con áreas concretas, con colectivos singulares daqueles que articulan a nosa sociedade: comercio, cultura, arte e deporte foron xa ámbitos nos que houbo relacións materiais concretas. A sanidade e o mundo universitario son ámbitos dunha abordaxe incipiente aínda. Se subliño manifestacións públicas concretas desta campaña de sensibilización, debo aludir en particular a diversas insercións de anuncios en prensa diaria de xeito periódico, así como en revistas e outras publicacións, tamén en radio

e en televisión. A difusión de material é a través de mupis, sobre todo en determinados momentos do ano, pins, pegatinas, carteis, mochilas, etc.

Tamén dentro desta campaña, integrámola con outra iniciativa da Facultade de Bellas Artes de Oviedo que se denominou "Motiva" e que o ano pasado estivo presente nos distintos mupis da cidade e tamén na propia lonxa do Concello.

Como dicía, os medios que se utilizaron foron varios e o que se tentou foi implicar a distintos colectivos. O ano 2004-2005 orientouse fundamentalmente ó sector do comercio que se implicou cun manifesto no que tamén estiveron implicadas xentes dos medios de comunicación; tamén no mundo da arte, en concreto a Facultade de Bellas Artes de Pontevedra cun certame de arte, un concerto, un recital e coa publicación dun catálogo de arte, "Non sexas cómplice", que no seu día se distribuíu pola Concellería da Muller pero tamén pola propia Facultade de Bellas Artes no que os distintos artistas amosaban as súas obras, todas vinculadas coa violencia e facían un manifesto, implicábanse eles mesmos coa campaña e así parecía no prólogo do libro. Aproveitouse tamén a Marcha Mundial das Mulleres para dar a coñecer esta campaña e mostrala ó resto da cidadanía, sobre todo a mulleres que viñan doutros lugares.

No 2005 buscouse máis ben a implicación do sector deportivo e o equipo de Primeira Nacional "El Olivo" levou durante toda a Liga o propio lema da campaña "Eu non son cómplice", ademais utilizouse este lema en "Vigo area" que é unha instalación deportiva que se fai no verán na que teñen cobertura todas as modalidades deportivas tales como volei, balonmán, baloncesto, etc. Á parte do impacto no ámbito deportivo, teno no ámbito no que se localiza esta instalación "Vigo area" que nos anos 2004-2005 estivo na praia do Vao e este ano 2006 na de Samil.

Tamén no Pavillón Central está presente esta campaña "Eu non son cómplice" este ano no que dispoñemos de catro equipos de élite que van xogar alí, como son fútbol-sala en primeira categoría de élite, baloncesto feminino tamén na primeira categoría, Gestibérica de baloncesto masculino e balonmán na segunda máxima categoría, van estar implicados tamén con esta campaña.

Pero coido que dentro do deporte o máis salientable foi a utilización precisamente o lema desta campaña no primeiro partido realizado o 28 de agosto entre o Celta e o FC Barcelona no que os xogadores saíron ó campo cunhas camisetas co lema da campaña. Agradecemos dende aquí a colaboración a Umbro. Os xogadores do Celta e do Barxa portaron unha pancarta de cinco

metros sosténdoa os equipos por ambos lados. Coido que ese impacto no mundo do deporte, sobre todo fútbol, foi importante. Agradecer tamén a colaboración e a dispoñibilidade do RC Celta que está pendente de se plasmar nun convenio concreto cando se modifique o actual co para manter esa colaboración de xeito permanente.

Pero tamén a campaña "Eu non son cómplice" se tivo presente no ámbito escolar dos mozos e as mozas en distintas campañas e actuacións como a campaña "Camiña con nós pola igualdade", xornadas de sensibilización en institutos onde se repartiu o material que antes tivemos a oportunidade de visualizar na pantalla como son mochilas, pegatinas, pins e outros elementos.

"Eu non son cómplice" supuxo e está a supoñer un impacto mediático que non tiña precedente en canto a campañas de sensibilización nesta materia, co valor da súa prolongación no tempo. Por iso mesmo, partindo da experiencia que fomos acumulando coa súa execución, entendemos que debemos reconsiderar as necesidades de sensibilización social sobre este asunto e lanzar unha nova campaña que supoña un pulo renovado neste sentido. Esta é unha liña na que estamos a traballar e da que en breve espero poder ofrecer froitos tanxibles en termos dunha proposta de deseño ben definidos, posto que despois do último prazo de 15 días para que enviaran suxestións por parte dos membros do Consello Municipal da Muller, estamos en disposición de poder presentar un concurso para que propoñan unha nova campaña.

Retomando a enumeración do xa feito lembrarei como ademais no 2004 xa se colaborara na exposición da asociación ASVIDAL: "Violencia de xénero e alcoholismo", en 2005 na organización da exposición que comentaba de artista "Motiva". Do mesmo xeito, tamén polo seu significado simbólico, xa subliñei a importancia da "Marcha mundial das mulleres".

Continuando neste obxectivo de sensibilización social, neste mesmo ano editáronse folletos e fíxose publicidade en taxis e liñas de autobús en colaboración co Grupo de Estudos Sobre a Condición da Muller "Alecrín" con motivo do día 23 de setembro, Día Mundial contra a explotación sexual e o tráfico de mulleres, a través da campaña "Legalizar a prostitución é lexitimar a violencia contra as mulleres".

Vanme permitir agora unha paréntese para, agradecéndolle o seu interese e dedicación, honrar a memoria do recentemente falecido deseñador e publicista, Xan Traba. El deseñou como un xesto de compromiso solidario e de forma totalmente gratuíta por petición propia esta campaña, deixando así

unha última testemuña da súa calidade como profesional, creador e como persoa, nun significado exemplo do que as actitudes dos homes poden contribuír á igualdade das mulleres con eles a prol da dignidade de todos e todas e así do conxunto da sociedade, porque é este un desafío que a todos e a todas atinxe pero non de xeito igual.

Nesta cuestión particular da prostitución a modificación das ideas e actitudes dunha parte da poboación masculina son, ó meu xuízo, determinantes e por iso é determinante o compromiso dos homes na súa erradicación. Creo no valor, significado e transcendencia dese compromiso, máis canto máis activo. Por iso o noso grupo quixo deliberadamente no seu día que esta campaña fose presentada expresando ese compromiso dos varóns polo primeiro tenente de alcalde. Por tanto esta campaña deseñouse por un home comprometido, dirixida ós homes posto que a campaña ía especialmente dirixida ós homes, e presentada tamén por un home.

Retomando o fío do comentario das realizacións, promoveuse tamén como vostedes ben saben a proposta do Consello Municipal da Muller a modificación neste ano por parte do Pleno do Concello do acordo plenario do 31 de maio de 2004, relativo á manifestación da condena da Corporación municipal fronte á violencia de xénero no sentido de manter o apoio do Goberno municipal á concentración mensual organizada pola Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos na rúa Príncipe fronte ó MARCO. De feito vímonos facendo cargo do custo íntegro do servizo de megafonía así como de convocar a corporativos/as e persoal municipal en substitución da concentración diante da Casa do Concello de concelleiras e concelleiros cada vez que se producía un novo asasinato. Así mesmo substituír un minuto de silencio en cada sesión plenaria xusto antes do punto da orde do día que dá paso ás mocións en troques do comezo do Pleno para acadar un maior impacto mediático. Anuncio que xa acordamos facer ese minuto de silencio ó final de todas as intervencións neste Pleno.

Igualmente realizaranse as xornadas de Mulleres Veciñais de Vigo contra a violencia "Mellor sen violencia" que se achegan á súa décimo cuarta edición os vindeiros 24, 25 e 26 de outubro, no centro cultural de Caixanova. Son unhas xornadas sufragadas integramente gracias á nosa colaboración e que polo tanto se inauguran mañá.

De feito ven sendo práctica habitual a subvención a accións neste eido, debendo salientarse entre outras as dirixidas á atención a mulleres que exercen a prostitución por parte de Médicos do Mundo, materializándose

tanto en 2005 como en 2006. Tamén por exemplo á Asociación de Consumidores e Usuarios de Lavadores neste ano para a acción "O feminino é máis saudable, estratexias cara á violencia" e moi principalmente por razóns nas que xa insistín nestes mesmos anos, á Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos, agora para formación permanente para mediadoras concibido como intercambio de experiencias de mulleres mediadoras en violencia de xénero, en tanto no ano pasado fora para unha acción formativa, "Estratexias físicas e psicolóxicas de defensa e autoprotección". Lembren que dixen entre outras, de xeito que esta última, por exemplo, non aparece na pantalla.

Igualmente dentro da información e sensibilización social, co obxectivo de fomentar a igualdade entre xéneros no ámbito educativo e contribuír á erradicación das actitudes que se fundamentan na violencia, singularmente no nivel da ESO, desenvolvéronse en 2005 en distintos centros educativos en particular unha serie de charlas para fomentar a igualdade entre sexos e contribuír á erradicación de actitudes que se fundamentan na violencia entre a mocidade, axudando a construír relacións respectuosas entre mozos e mozas.

Da súa parte, no pasado curso escolar levouse a cabo a campaña "Camiña con nós pola igualdade" en educación infantil e primaria como xa mencionei, concretada nunha ampla realización en 20 centros. Paréceme determinante á hora de traballar pola igualdade que se respecten entre sexos os nenos canto máis pequenos para precisamente no futuro evitar eses comportamentos violentos.

Desenvolvéronse así mesmo as xornadas "Xestionar a igualdade para previr a violencia" homologadas pola Consellería de Educación e concréntanse en obradoiros dirixidos ó profesorado e a outras persoas interesadas, téndose estimulado a asistencia particularmente entre as ANPAS porque precisamente pretendemos que a sensibilización se faga nas familias, por tanto a implicación das ANPAS como do profesorado coidamos que teñen que ir da man e de forma correlativa.

Unha mención especial neste sentido meréceo "Se empatas gañas", un programa educativo municipal de prevención da violencia que o pasado curso 2005-2006 levou a termo o departamento de Educación, destinado ó alumnado de 2º ciclo de ESO participaron 5 centros de secundaria e 300 rapaces e rapazas. Tiña como obxectivos o establecemento de relacións saudables e progresiva autorregulación do comportamento, o desenvolvemento de actitudes de



respecto, a solución pacífica de conflitos e a cooperación de educación en valores, despregando os seus contidos en 5 módulos: Coñecemento e cohesión de grupo, condvta violenta e non realidade, aprendendo a resolver conflitos e sexismo e violencia de xénero.

Por último, sempre dentro desta área de información e sensibilización social, co obxectivo de previr as actitudes que se fundamentan na violencia entre a mocidade, púxose en marcha o programa "Relacións respectuosas sen xénero de dúbidas" dirixido a mozos e mozas do Concello de Vigo con idades comprendidas entre os 12 e os 29 anos. Atendeu a abordar dous factores de comportamento: a xustificación da violencia entre iguais como reacción e valentía, as crenzas sexistas en si e como xustificación da violencia doméstica.

Particularmente a primeira fase do programa significou a realización dunha enquisa e unha mostra de 566 persoas das que 284 corresponderon a mulleres e 282 a homes, baseada nun cuestionario de actitudes cara á diversidade e a violencia. Deuse así paso á segunda fase plasmada na realización de catro obradoiros en diferentes asociacións xuvenís dirixidos a modificar actitudes discriminatorias. Ademais procedeuse á edición de 100 carteis e 500 xogos no marco da campaña de comunicación deseñada para o programa e lanzada agora no 2006 baixo a lenda "Quen move os teus fíos?".

Poderíamos continuar a detallar outras accións singulares de menor entidade, estendernos no esforzo cotiá que supón a xestión de todos os servizos, computar o acceso ós mesmos, os volumes de poboación feminina que se beneficiaron das actuacións por parte do tecido social que apoiamos, pero coidando que non se trata de presentar unhas listas interminables, senón de dar conta, coido que queda cumpridamente dada, que estamos a traballar arreo, de xeito concreto, decidido e articulado, conforme ós criterios que comecei citando a prol da igualdade.

Con todo, antes de concluír quería sumariamente aludir a algúns datos estatísticos con relación ós principais servizos. En 2004, cando me fixen cargo desta responsabilidade, acudiron ó Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller 945 mulleres, delas practicamente a metade case, o 48%, era vítima de malos tratos. Da súa parte o SADIM prestou naquel ano 2.731 servizos, a maioría ás mulleres e só 242, pouco máis do 8%, a colectivos. Tivemos daquela acollidas na Casa a 25 mulleres.

En 2005 o volume bruto de mulleres atendidas no CIDM situouse en 975, pero aumentou espectacularmente nelas a incidencia dos malos tratos, foron entón 632, case 2/3 partes do total.

Doutro lado o volume dos servizos do SADIM foi así mesmo espectacular chegando a 4.067, pronunciándose a proporción dos prestados a mulleres sobre a parte correspondente a colectivos. Igualmente pasouse a 32 mulleres acollidas na Casa.

Este ano os datos son parciais pero salienta a atención a un 41,8% de mulleres maltratadas respecto ó total, o que demostra unha porcentaxe inferior á do ano pasado. Polo que cómpre á Casa de Acollida ata o 31 de agosto o total de usuarias foi de 16.

Vou concluír pois ó fío desta referencia á Casa, con algúns datos da enquisa que antes mencionei para que quede constancia da valoración que este equipamento merecélle ás súas propias usuarias.

Direi que se entrevistaron 42 mulleres obténdose unha valoración de 34 as que estiveron cando menos 7 días na casa, sendo unha mostra do conxunto das 57 mulleres atendidas en 2004-2005. As entrevistas asistidas por computador, realizadas telefonicamente por unha empresa especializada en abril deste ano, debuxan un panorama positivo do que se tiran como apuntamentos principais os seguintes: Os cuartos da Casa son xulgados positivamente en todos os aspectos que se someteron a consideración por entre 8-9 de cada dez entrevistadas, como tónica xeral nomeadamente os mobles e decoración. As outras estancias, en especial a sala de estar e os servizos, recollen unha valoración semellante. Igualmente para entre 7 e 8 ou se preferen 3 de 4 entrevistadas, as comidas foron tamén satisfactorias. Sen que cumpra ofrecer datos concretos por se referiren a cada unha das profesionais individualmente, direilles que en conxunto debuxan unha excelente valoración de competencia e trato profesional do persoal da Casa. Por último, com maior trascendencia, situándonos no alcance dos procesos de rehabilitación persoal a partir da roturas cos maltratadores, roturas que son posibles gracias entre outras cousas a equipamentos coma este, o que hai que salienta é que para algo máis de 8 de cada 10 usuarias a súa vida actual globalmente considerada é mellor que a que tiñan cando decidiron dar o paso que as levou á Casa de Acollida.

Quero, rematada esta presentación en disposición de atender ás súas preguntas e aclaracións antes de proseguir co desenvolvemento do Pleno, máis non querría rematar sen insistir en que a construción dunha

sociedade verdadeiramente democrática non vai ser posible sen a plena igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Este desafío que a todos e a todas os aquí presentes nos interpela como representantes da sociedade, define o noso compromiso singular como grupo, o meu persoal no plano das opcións e dos principios, materializándose nas accións que glosei que se enmarcan nunha tradición que dalgún xeito é patrimonio deste Concello como institución e xa que logo desta Corporación.

Nesta crenza expuxen todo o que veño de referir. Gracias pola súa atención e tamén gracias pola oportunidade que me deron de expoñer un traballo do que me sinto orgullosa como política pero sobre todo como muller.

Tamén por último agradecer o traballo das mulleres que forman o equipo do departamento de Muller e ás asociacións que constitúen e colaboran coa Concellería da Muller a través do Consello Municipal da Muller polas súas achegas. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Non me vou permitir ningunha broma sobre este tema para non confundir a ninguén, pero a verdade é que confeso estar un pouco desconcertado polas formas que elixe o goberno.

A min dáme a impresión que con maior ou menor acerto todos os membros desta Corporación estamos concienciados sobre os dous grandes problemas que atinxen ó tema da muller. O máis xenérico que é o tema da igualdade, no que se avanza razoablemente pero que estamos lonxe aínda dunha auténtica igualdade en demasiadas cousas, en igualdades salariais por traballos semellantes, nos traballos domésticos e en tantas cousas. Verdade é que a sociedade avanzou neste caso pero aínda queda moito por andar.

Vou ser tremendamente breve entre outras cousas porque xa foi prolixamente extensa a señora representante do goberno.

Por outra banda, queda outro tema que é o que atinxe á chamada, eufemisticamente para min, violencia de xénero. Dáme a impresión de que este tema non o estamos a abordar entre todos coa contundencia que precisa, mesmo dende o nome que ten unha acuñación que demasiada xente non acaba de captar na súa extensión e na súa fondura e dende logo nos medios empregados.

Paréceme que hai acertos innegables como a Lei que está vixente, aprobada no Parlamento español no seu día, e traballos en distintos ámbitos. Dende logo é impagable o traballo do voluntariado a todos os niveis sempre. Pero

aínda así, ou este este tema o encaramos como lle parece ó meu partido que é ou tardaremos máis en solucionalo.

Para entendérmonos e así a xente nos entende axiña: isto trata de terrorismo doméstico, non é violencia. A violencia é un termo que pode ter unha aplicación máis suave que o termo terrorista que é o que amedoñenta ás persoas permanentemente, as soxuzga e as ten permanentemente baixo un estado que lles impide ser persoas en moitos casos. Polo tanto non só se trata de actos puntuais de violencia aínda sendo graves; trátase da permanencia psicolóxica do acto que é a que destrúe seguramente a mente de tantas mulleres.

Polo tanto, en tanto non encaremos como terrorismo doméstico os problemas chamados hoxendía "violencia de xénero", non sei ata que punto imos ser quen de seren todo o eficaces que demanda un tema de tal gravidade.

Por outra banda dicir e constatar que aínda que os medios empregados foron acertados en xeral, os de vostede, Sra. Concelleira, os deste Pleno, desta Corporación, os do Goberno do Estado, da Xunta de Galicia, non vexo elementos negativos nas actuacións políticas pero si vexo elementos aínda insuficientes e desgraciadamente a proba son os resultados.

Pero cando eu definía isto como terrorismo doméstico, aí teriamos que atopar un fío condutor, por aí podería vir un principio do fin da solución, porque hai que lle dar tratamento de terrosimo a todos os efectos incluído naturalmente o orzamentario. Houbo infinitamente máis mortas nas casas en que se produciron violencias de xénero, terrorismo doméstico, que polo chamado terrorismo en xeito abstracto en España en xeral.

Ata que non enfrontemos con esa fondura e con esa necesidade de empregar medios, que aínda así non solucionan todo porque nin todos os medios do mundo solucionarán todos os casos do mundo, pero evidentemente convirán comigo que os medios empregados que son crecentes con respecto ó pasado, produciron mellores situacións que no pasado. Fállanos avanzar exponencialmente neste campo.

Espero que todos os que temos a responsabilidade de traballar en política a todos os niveis porque nos toca decidir sexamos suficientemente sensibles para escoitar as demandas sociais e en todo caso poñer os remedios de eficacia que aínda non fomos quen entre todos xuntos de poñer.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Logo desta explicación prolixa da concelleira da Muller eu manteño unha idea que xa tiña e sobre todo que ma deron a

entender as políticas do Partido Popular e é que o Power Point evidentemente o resiste todo. O Power Point resistiu que aquí se ía crear un hospital que non se creou aínda hoxe, resistiu a cidade da xustiza que aínda non se creou hoxe e tamén resistiu o Plan Galicia que nunca se puxo en marcha por parte do Partido Popular. Agora estamos ante un tema semellante e o Power Point parece que vai resistir todo o que é políticas de muller.

Eu non me quero estender porque como dicía a Sra. Molares ela foi o suficientemente extensa, pero non se nos pode traer aquí algo que realmente xa estaba aí, foi unha política absolutamente de continuar, é dicir, o que vostede nos expuxo aí foron os seguintes tomos dunha política xa iniciada previamente. Como non quero entrar agora mesmo na pormenorización un por un dos obxectivos do Plan de Igualdade e do Plan sobre a violencia contra as mulleres, só lle vou mencionar unhas pouquiñas cousas ó respecto, tres ou catro nada máis.

O primeiro que vostede pasou bastante por riba foi dicir que o obxectivo principal do Plan de Igualdade, por exemplo, precisamente era o valor engadido, a aposta decidida polas políticas transversais.

As políticas non só as hai que levar dende a Concellería da Muller, Sra. Molares, as políticas transversais no Concello hainas que estender a todas as Concellerías, facer políticas para as mulleres dende todas as Concellerías. Hai que impregnar todas as políticas que se fagan no Concello de igualdade e isto non se está a facer. Hai que transmitir a perspectiva de xénero a todos os proxectos e accións e a todas as Concellerías. Isto non se fixo. Se vostede vai Concellería por Concellería, dende Seguridade e Mobilidade, Benestar, Urbanismo, Deporte que leva vostede, Educación e pregunta exactamente cantos obxectivos deste Plan están realizados, todo iso cae, cae o Power Point, Sra. Molares.

Como dicíamos antes o principal obxectivo era isto, está aquí: acadar un departamento de igualdade de oportunidades e poñer axentes de igualdade para que en todas estas Concellerías se fixeran efectivamente políticas para as mulleres. O principal obxectivo que ten a temporalización que vostedes marcaron, que está aquí e que vostedes marcan a primeiros deste ano de ter xa constituído ese departamento de igualdade, onde está o departamento de igualdade? Onde se creou ese departamento que en cada Concellería faga verdadeiramente políticas para muller? Non está creado, Sra. Molares.

Outra das cousas que se dicía que había que facer era crear a posteriori o observatorio de igualdade onde íamos estar todas as asociacións, todos os axentes políticos representados para facer precisamente observación destas políticas. Eu non vexo que se creara a estas alturas o observatorio de igualdade que teoricamente tiña que estar creado neste verán. Seguimos sen observatorio de igualdade, seguimos sen que as mulleres que están nas diferentes asociacións saiban exactamente qué hai de verdade ou mentira en todo iso que vostede dixo porque nin sequera temos un observatorio para o seguir.

Se imos desglosando punto por punto o que vostede expuxo, eu efectivamente tomeime a molestia de preguntar nas concellerías, de iren por elas e ver exactamente de cantos destes plans que vostede ten aquí e os obxectivos que se ían cumprir e eu só teño: non, non, a medias, non, non... É dicir realmente, que hai de verdade nese Power Point?

Teño que dicir que este Plan comezou en setembro de 2005 e estamos a finais de outubro de 2006; logo de 13 meses o obxectivo principal deste Plan segue sen se poñer en marcha porque os demais eran continuidade do resto dos plans. O obxectivo primeiro era o departamento de transversalidade, creación de axentes de igualdade, seguir unha por unha as áreas das concellerías onde se estaban facendo políticas no Concello para as mulleres. Eu sinceramente, Sra. Molares, non vexo que se fixera.

Seguimos e por poñer exemplos só moi pequeniños, cando analizamos por exemplo as políticas deportivas, segundo vostede fixéronse unha chea de cousas. Eu realmente non sei onde están, repito o mesmo, vexo que as Federacións deportivas onde teoricamente se ía incidir para que as directivas tiveran máis representación feminina, para que as mulleres dalgún xeito tivesen algo que dicir no deporte, para as políticas deportivas nos propios clubs, onde están? Voulle poñer un exemplo que ademais vostede puxo aí a respecto destas políticas.

Eu apoio efectivamente que se dean subvencións a clubs, etc. Nas políticas de subvencións, fíxese que contradición, Sra. Molares, que vostede levando cinco áreas, o que tamén explicaría que ás veces non teña suficiente tempo para lle dedicar a Muller, cando se trata de dar unha subvención que se lle deu a un club deportivo de mulleres polo ben que efectivamente o fixeron, vostede non saca da Concellería de Deportes a subvención para o convenio, sácaa da Concellería da Muller. Xa de por si as subvencións da Concellería de Muller son pobres, non chegan, son insuficientes, pois vostede que tanto

aplica a transversalidade, saca nada máis e nada menos que un convenio de 6.000 euros da Concellería da Muller en troques do sacar da de Deportes. Sra. Molares, é así como aplica a transversalidade? A verdade, se iso é transversalidade eu non o vexo.

Se nos metemos xa en termos de Plan contra a violencia de xénero efectivamente comprobamos que se fixo seguimento das políticas que xa estaban en marcha dende os anteriores plans, no apoio ás vítimas e todo iso, pero eu lembro un Consello Municipal da Muller que tivemos en febreiro deste ano, dábase a casualidade de que era o primeiro Consello no que eu participaba, aí todas as mulleres comentamos que estaban esmorecendo a visibilización e a campaña de sensibilización contra a violencia de xénero. Decidimos naquel Consello que había que facer algo, que lle había que dar unha volta e tomáronse unha serie de iniciativas, expuxéronse por parte das mulleres unha serie de ideas que había que poñer en marcha e que vostede quedou encargada de recoller para o facer. Vostede daquela díxonos que non nos preocupáramos que se ía encargar de recoller todas as ideas alí expostas e de traelas a un seguinte Consello.

Pois ben, Sra. Molares, pasaron dous Consellos da Muller, efectivamente no segundo presentáronse unhas ideas que á inmensa maioría das mulleres presentes non lle gustaron e por unha razón moi sinxela: estaban centradas única e exclusivamente nun acto puntual, non nesa campaña de sensibilización que era precisa en todos os ámbitos, en todas as administracións, para toda a cidadanía. "Eu son cómplice" xerouse en novembro do ano 2003, nin sequera vostede era concelleira daquela. Esta campaña foi esmorecendo por moito que se sacara a pancarta no partido do Barcelona-Celta que foi unha boa acción e efectivamente positiva.

Dous Consellos despois vostede seguiu sen ser quen de xerar unha nova campaña en contra da violencia de xénero cando tiña un mandato expreso do Consello Municipal da Muller, non nos trouxo esas ideas novas, as accións que habería que facer para actuar sobre a sociedade para a sensibilización en contra desta lacra e todos os organismos e todas as mulleres presentes no Consello Municipal estabamos en que se tiñan que traer xa. Vostede foi dilatando o tema. A súa acción ten que ser a de xestionar e o único que se se fixo foi dilatar e seguimos sen esa campaña de sensibilización potente cara á sociedade contra esta lacra porque non se trata de facer en pequenos grupos pequenas cousas, trátase dunha sensibilización total e global.

Por exemplo se falamos dos servizos que se lles dan ás mulleres para que ós poucos poidan efectivamente ter posibilidades desa igualdade e de estar traballando na sociedade, logo de que vostede falara dos comedores escolares e das garderías, Sra. Molaes, dígolle que durante o seu mandato só se inaugurou a gardería de Saiáns que o proxecto xa estaba deseñado dende a anterior Corporación, o único que fixo foi inaugurarse. A escola da rúa Palencia, tema no que non quixemos entrar ata agora e traer aquí, teoricamente se tiña que inaugurar en outubro deste ano e eu non vexo tal inauguración, teoricamente queda agora para o ano 2007.

É así como se facilita a participación das mulleres na vida activa? Así non se fai, Sra. Molaes, vostede di que fai pero non fai absolutamente nada. Na práctica o único que fan é unha política continuísta do que se fixo previamente pero iniciativas cero. O Concello de Vigo sempre se distinguíu por seren pioneiro e unha institución de referencia a nivel estatal. Pioneiro nas políticas de igualdade, nas políticas contra a violencia de xénero. Onde están esas iniciativas, esas novas liñas estratéxicas?

Seguimos editando tomos do Plan de Igualdade, do Plan contra a violencia? Iso está moi ben, tomo II, tomo III, pero realmente, e as iniciativas, as ganas de traballar? Sra. Molaes, para ter iniciativas hai que sentir as políticas de igualdade, hai que crer no que se fai, ter vontade política, vivilo dende dentro e realmente sentilo no corazón. Eu sinceramente, Sra. Molaes, coido que vostede non o sinte así, dalgún xeito coido que probablemente todo o goberno do Partido Popular nestes momentos o que tería que facer é preguntarlles a esas mulleres que están aí sentadas, que si o sinten, dende dentro, á Rede, á Federación, ás diferentes asociacións que viven día a día o problema da muller, que están as vinte e catro horas pendentes de que a unha muller lle pase algo, iso é sentir política de igualdade, sentir ás mulleres e o que necesitan.

Realmente eu penso que vostede non o sinte así e polo tanto así lle vai e así non se están facendo as cousas como se deberían facer. O único que fai é política continuísta, Sra. Molaes, e repito de novo que non hai vontade política, non hai sentimento de traballo nas políticas de muller, o único que hai é a política continuísta.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Querería, se me permiten o resto dos compañeiros da Corporación, comezar saudando ás persoas que están no público representando ó Consello Municipal da Muller polo que significa precisamente como



estrutura de apoio e consolidación dunha política a prol das mulleres no Concello de Vigo e agradecer a realización deste Pleno que se solicitou por este grupo político, sen deixar de lembrar o atraso enorme e aínda non xustificado polo que non se produciu como estaba previsto no mes de maio; pedímolos no mes de marzo e estamos case rematando o ano e atopámonos cun Pleno que nos gustaría que fose de debate sobre as necesidades das políticas a prol das mulleres que aínda temos no Concello de Vigo, máis que dun balance que semella unha especie de reválida, de exame, do feito pola concelleira da Muller.

Isto significa ter un enfoque unidireccional da cuestión da muller no Concello de Vigo e coido que iso racha unha longa tradición e coido que é un erro de entrada, de presentación, do que podería ter sido este Pleno máis aló dun relatorio de accións que se as analizamos unha por unha e buscamos a súa orixe ou antigüidade no tempo, coido que non quedaría ben parada a súa Concellería. Non imos facer ese traballo que por outra banda sería moi fácil e no que ó final vostede actúa máis como unha técnica ou coma unha persoa que se presenta a unhas oposicións e explica un temario, que coma unha política que ten unha dirección política, un obxectivo que acadar e que nos presenta, se me permite a expresión que se utiliza moito nestes tempos, unha folla de ruta. Vostede xustifica finalmente todo o seu relatorio dicindo: poderán vostedes comprobar que traballamos arreo. Non estamos facendo unha valoración das horas de traballo que vostedes lle dediquen a calquera das concellerías ou dos aspectos de goberno. Queremos un balance cualitativo de cara onde queren vostedes ir, qué teñen acadado ata o de agora, qué cousas quedan pendentes para seguir e que coido que é unha das políticas que ata o de agora foi sempre máis consensuada de todos os gobernos municipais, aproveitándose do coñecemento que pode haber nas bancadas da oposición nesta materia que sen dúbida o hai e da boa vontade que sempre houbo política e persoal nesta cuestión.

Pero vostede fai un balance, Sra. Molares, no que se lle ve de entrada contenta e se quere que lle diga a verdade, preocúpame porque iso é irreal. Se está contenta do que están traballando paréceme moi ben, é unha opinión persoal e eu non lla vou discutir, non lle discuto as horas que lles dedica ás súas concellerías. Pero satisfeita polo resultado final paréceme pouco adecuado politicamente porque que dúbida cabe que nesta cuestión ninguén se poderá colgar nunca unha medalla definitiva, este é un traballo a longuísimos prazos que mesmo dende todos os cambios legislativos que se

produciron, todos e todas sabemos que tardaremos moitos anos en ver unha sociedade realmente igualitaria na que non haxa violencia contra as mulleres.

Polo tanto nunca de entrada deberiamos emitir un xuízo triunfalista nesta materia, primeiro porque se vai quedar soa, aí non a imos poder apoiar sobre todo porque non é real e non estamos xulgando a dedicación que vostede persoalmente lle faga á súa concellería. Logo porque falla alento político, falla pulo político no mellor sentido da palabra política, na mellor conexión que as políticas de muller teñen que ter coa ideoloxía feminista claramente comprometida, que realmente produza un cambio social de longo prazo, de longo percorrido porque non creo que ningunha das que estivemos ou das que poidan estar no decurso de moitos anos poida chegar a un Pleno un día dicindo: "conseguimos erradicar a violencia de xénero en Vigo".

Desgraciadamente iso non vai pasar ou non o imos ver. Pero si poderemos dicir: "neste longo proceso, neste longo camiño, qué pasos imos dando? En qué nos estamos equivocando? En qué estamos ó mellor malgastando recursos públicos? Qué é o que hai que facer para seguir adiante sen retroceder en algo no que é moi doado facelo?" Porque se trata dun cambio moi profundo de mentalidade, de usos sociais.

Nese sentido eu teño que criticar a súa exposición que por outra banda me pareceu innecesario o uso dun recurso técnico propio dunha exposición técnica no que como lle dixen fallabaesa folla de ruta e ese saber cara onde quere vostede realmente ir, cara onde quere ir o Partido Popular en materia de política de muller en Vigo.

Sinto moito que logo de todo o tempo transcorrido dende que lle pedimos este Pleno vostede veña hoxe aquí cunha información que non nos dá previamente para o seu estudo porque non podemos debater con vostede. Este non é un Pleno normal no que nós temos un expediente que podemos estudar previamente e sobre o que podemos facer as nosas consideracións. Aquí vostede descólgase cun relatorio exhaustivo de 1.000 accións puntuais que moitas son bastante antigas na cidade de Vigo, pero sen facer nin tan sequera un balance cualitativo, nin unha avaliación de obxectivos conseguidos, de orzamento dedicado, de mobilización realmente conseguida neste sentido. Polo tanto o debate é imposible.

Sinto tamén que vostede se equivocara niso porque, dígolle a verdade, coido que non hai política historicamente máis consensuada ou intentada

consensuar por todos os grupos políticos de Vigo que a política de muller e daríame moitísima mágoa que vostede non quedase enganchada a ese tren de concelleiras da Muller que forman unha especie de "lobby" na cidade de Vigo e que espero que o segan sendo nesta materia. Espero que vostede reconduza esa actuación porque non dubido da súa boa fe persoal dubido, claro que si, do pulo político como lle dicía.

Non hai nin tan sequera cumprimento de acordos plenarios tomados a prol das mulleres. Cando vostede comeza o Pleno saudando o recordatorio do 75 aniversario do voto feminino en España, non ten nin tan sequera a consideración de dicirnos: "e imos poñer inmediatamente o nome de Clara Campoamor a tal rúa ou a tal praza" como di o acordo unánime desta Corporación do mes de xullo pasado. En qué realidades estamos vivindo? Ou voulles presentar a nova campaña contra a violencia de xénero que durante seis meses o Consello estivo demandando e polo que vostede estivo aprazando este Pleno, coido. Onde está esa nova campaña? Por qué non se presenta?

Por qué vostede non cumpre os acordos que tomamos por unanimidade hai dous anos exactamente, cáseque tal día como hoxe, o 25 de outubro de 2004, para que se crease un grupo de traballo para o estudo polo miúdo dos aspectos recollidos na Lei integral contra a violencia de xénero e se fixera unha campaña de difusión para os dar a coñecer exhaustivamente a todos os colectivos afectados en primeiro termo, ás súas destinatarias finais de seguido e a toda poboación finalmente?

Que o mesmo grupo ou outro que tamén se cre dentro do Consello Municipal da Muller estude co asesoramento dos equipos técnicos municipais que sexan precisos as implicacións que a aplicación da Lei terá para o Concello de Vigo e que o incorpore ó Plan municipal contra a violencia de xénero que será presentado antes de fin de ano para a súa aprobación polo Pleno da Corporación?

Ou que dende o goberno municipal se poña en marcha unha estratexia de actuación que implique a transversalidade, o tan famoso mainstreaming que imos chamar para nos entender entre todos durante o resto das intervencións como política de transversalidade de todas as actuacións que inciden na loita contra a violencia de xénero?

Que se continúe e relance a campaña que deixou en marcha o anterior equipo de goberno socialista contra a violencia de xénero e se contemple como unha actuación permanente que identifique e defina o compromiso do Concello de Vigo con esta loita?

Lembro que había unha proposta que vostede non aceptou que era que o propio Consello Municipal da Muller asumira entre as súas funcións o papel de vixía e garante do cumprimento dos compromisos que asume o devandito Plano, do que fará un informe anual así mesmo ante o Pleno da Corporación porque quixo para vostede este labor de vixilancia, de seguimento e de información periódica ó Pleno da corporación. Foi un erro aceptarlle a vostede aquela emenda, Sra. Molares, como hoxe podemos comprobar porque vostede non foi garante suficiente de que todas estas medidas se cumprisen e se dese conta dese cumprimento ó Pleno.

Sra. Molares, vostede podía ter pasado se quere, perdoe a expresión, un pouco á historia do traballo a prol da muller nos concellos por seren a que implantase a verdadeira política de transversalidade.

As políticas a prol das mulleres non as inventamos persoas individuais, hai colectivos que traballan nisto no ámbito mundial e digamos que tocan cousas nun momento dado e os políticos e políticas do momento aplican no seu ámbito esas políticas acaídas tamén á súa propia realidade. Cando en Vigo se creou unha Casa de Acollida non foi invento do goberno municipal, senón que este foi sensible a unha demanda social que había nese momento no que as persoas que estaban traballando en coñecer que había que facer contra a violencia contra as mulleres dixeron que en primeiro lugar había que lles dar un refuxio a aquelas que queren abandonar o fogar e están prisioneiras na súa propia familia. Non o inventou un concelleiro ou unha concelleira, iso está no debate público e nun momento dado alguén asume iso e lévao á practica.

Vostede tiña que ser a concelleira do mainstreaming, da aplicación transversal das políticas a prol das mulleres, tanto en materia de igualdade como na de violencia de xénero. Coido que sucesivamente por aquí se fixeron cousas, fixéronse as infraestruturas necesarias para o caso da violencia, creáronse os centros de información, comezouse a política na Federación veciñal de apoio ás vocalías da muller por outra compañeira, en fin, cada nova etapa cubríase un novo chanzo e se ía avanzando. Eu vexo na súa Concellería un estancamento continuísta no que se repiten fórmulas xa coñecidas necesarias, moitas delas non as hai que perder, pero, onde está o novo, Sra. Molares? Non hai máis nada que facer, nada máis en que avanzar? Teno moi claro na directriz do mainstreaming, na directriz da transversalidade.

Dígame por favor se é que o sabe neste momento, síveme unha resposta por escrito, qué orzamento ten dedicado cada unha das concellerías que conforman o goberno municipal a política de transversalidade. Defíname as actuacións de cada unha das concellerías en política de transversalidade, por exemplo. Dígame tamén que é o que pensa facer nos próximos seis meses porque o balance do que fixo ata agora non fomos quen do coñecer. Balance, avaliación, resultados, para qué servíu, en qué se mellorou o que xa se estaba facendo porque sinceramente iso non nolo contou hoxe.

Coido que nos imos deste Pleno cunha sensación agridoce; por unha banda porque quero que saiba que malia todo vai atopar sempre no noso grupo apoio a aquelas medidas que segan sendo necesarias en materia de atención á muller, mentres manteñan os servizos que neste momento existen, que se demostrou que eran necesarios e que o seguen sendo. Mentres vostedes segan facendo as políticas que coido serán eternas de apoio ás cuestións a muller, vostedes teranme que dicir qué cousas novas, qué novos avances imos poder ver nos próximos seis meses que definan o seu paso pola Concellería da Muller e o deste goberno polo goberno municipal porque nin tan siquera a coordinación interna coas súas propias concelleiras, máis alá das súas, que só fallaría tamén que non o tentase, na falla de liderato no ámbito galego porque Vigo xa non é un concello pioneiro en política de muller, Vigo está aí, é un concello máis, onde está ese liderato que sempre tivo? Por qué perdemos esa posición? Porque moitas veces dicimos que perdemos posicións porque non nos dan, non nos recoñecen, non nos queren... Pero alí onde somos nós os únicos ou os principais interesados en definir qué modelo de cidade queremos, qué modelo de convivencia queremos, cómo queremos gastar os nosos recursos, aí perdimos absolutamente o liderato.

Vigo non conta como modelo, nin como referencia xa en política de muller e comprenderá que iso alguén terá que asumir que é así. Cando se fai o discurso de vitimismo de "pobre Vigo, ninguén nos quere" gustariame que alguén fixera tamén a lectura interna de "pobre Vigo, que mal o estamos a tratar, qué pouco nos comprometemos con el e cos seus cidadáns e cidadás".

Sra. Molares, ánimo, non deixe vostede de traballar nin mentres estea no Concello nin logo, pense novamente o de converter a efeméride contra a violencia de xénero con este Mes da Igualdade do que vostede nos falou, que ninguén entende como se pode celebrar no mesmo mes, vai vostede conseguir tapar a chamada de atención que sempre supón o mes de novembro contra a violencia de xénero cun mes de celebración xenérica de moitas outras cousas

relacionadas con muller pero que sinceramente non hai espazo para tanto. Será vostede conscente e advírtolle hoxe de que é unha mala idea porque vostede vai tapar o pouco eco que ten a conmemoración internacional do Día contra a Violencia de Xénero.

Considere celebralo o mes seguinte, un mes despois ou cando queira e por favor comprométesa de verdade contra a violencia de xénero na capacidade que vostede ten de xerar campañas, de sensibilizar e de entender que "Eu non son cómplice" é unha idea que o que quere dicir é que aquel que non se manifesta a favor está perdendo unha oportunidade de dicir que non está.

"Eu non son cómplice" quere dicir que vostede, señor empresario X, señor presidente do real club X, señor director do periódico X, vaime dicir publicamente que está contra violencia de xénero si ou non? Dígamo e póñamo nun anuncio no periódico e pase a engrosar as fileiras de loitadores activos contra a violencia de xénero porque o silencio fainos cómplices. Esa era a idea daquela campaña que non entenderon. Non provocaron, non promoveron un consenso social nin a creación dun exército e perdón pola expresión belicista pero aquí hai que pelexar contra a violencia de xénero. Se este fose un tribunal de oposicións daríalle un aprobado porque vostede traballa moito e ten boa vontade pero politicamente coido que estamos asistindo ó fracaso da xestión dunha concellería, Sra. Molares. A ver se nos próximos seis meses nos pode dar algunha satisfacción.

SRA. MOLARES PÉREZ: Xa esperaba algo semellante, sobre todo coa aseveración que fixo a miña compañeira Sra. Méndez, de que non sinto as políticas de muller, que non me implico. Iso é porque son do Partido Popular e cómo o meu partido vai facer unha política a prol dos dereitos da muller? Eses actos machistas só os temos os que non nos preocupamos dos dereitos da muller e en xeral dos dereitos sociais que somos sempre o Partido Popular. A Sra. Porteiro dame un aprobado o que eu agradezo pero realmente os que me teñen que valorar non son vostedes; por suposto teñen a competencia e para iso se fixo este Pleno, para valorar a miña actuación. Pero realmente a valoración que espero é a da cidadanía, dos homes e mulleres, das mulleres que traballan comigo dende as asociacións e que precisamente as mostras que me dan non son dun aprobado. Cada quen ten o seu estilo.

Efectivamente o Concello de Vigo foi un pioneiro, falamos de medidas de hai quince anos e ata xa cambiamos de século, pero realmente o que tentamos, porque senón sería un erro e así se manifestou noutras políticas como no

Goberno Galego cando cambiou recentemente, cando se chega a un sitio non eliminar o que está feito, hai que o continuar porque se realmente deixara de facer o que xa estaba feito entón me criticarían por telo desfeito. Críticanme porque non apporto novidades e sen embargo a Sra. Méndez mostraba esa folla do plan de igualdade na que se amosa un principio de transversalidade que precisamente é unha das incorporacións e novidades dese plan de igualdade, para poder avanzar á igualdade real.

Efectivamente non están incorporados os axentes de igualdade que desenvolven esa política de transversalidade e tamén o propio observatorio, pero non están precisamente porque se leu ben o plan di que se convocarían na oferta de emprego público, a través de funcionarias, e no ano 2006 non houbo oferta. De todos os xeitos esa petición está feita ó Departamento de Persoale na próxima oferta de emprego público aparecerán.

Precisamente o Marco dicía ó principio que estes dous planes teñen unha vixencia 2007, por tanto aínda que para moitas de vos, sobre todo para algunhas, xa están en clave dunha data concreta de maio, para outros en sete meses de traballo aínda quedan moitas cousas que facer. Teño claro que nestes sete ou oito meses que quedan se poden incorporar esas funcionarias ou interinas e desenvolver ese principio de transversalidade.

Tamén dicían que non se aplica; coido que nunca se aplicou tanto como agora. Coido que a novidade maior que incorporamos, á parte desa transversalidade, é a aplicación de medidas concretas e reais como son no ámbito do emprego. Neste ámbito é unha prioridade absoluta e temos datos; non só iso, temos as mulleres ás que lles miramos a cara todos os días, as mulleres que incorporamos ó mundo laboral co que dignificamos a súa vida e é o primeiro paso para a calidade de vida que necesitan.

En materia de autoemprego e emprego en xeral non creo que houbera outro momento, quizas se puideron establecer servizos que nós mantivemos, pero en política de muller, no ámbito da violencia de xénero dimos un paso moi positivo e seguimos a ser pioneiros nesas medidas. De feito para eliminar segregación vertical e horizontal, programas como "Promociona" que hoxe presentamos aquí e que se ven de publicitar esta fin de semana, en poucas ocasións miramos un programa semellante.

Outras medidas como o "Banco do Tempo" que o teñen en poucas localidades e nós estamos a punto de poder poñelo en marcha. De todos os xeitos cando vostedes falan de que por parte desta concellería se fixo un posicionamento técnico. O posicionamento político vai seguido do técnico; se só viñera

aquí falar de filosofías ó mellor quedaría moi ben e a vostede lle parecería perfecto pero cada quen ten o seu xeito de facer política e o meu é con feitos.

Coido que hoxe si se deu conta do traballo realizado e da avaliación do plan porque en cada unha destas medidas que se presentaron encadráronse os dous planes. A Sra. Méndez dicía que un tomo máis; non, un plan máis no que logo de facer unha análise DAFO incorporamos o que consideramos que hai que seguir mantendo e introducimos as novidades que coidamos que son necesarias para acadar ese obxectivo que perseguimos todos e que, por suposto, se na miña intervención interpretouse que pretendía dicir aquí que no camiño e nas políticas de muller fixemos todo o que tiñamos que facer, non me expresei con claridade. Temos moito por facer, moito por acadar a igualdade real e dende logo que a violencia é unha das lacras máis importantes e onde se manifesta realmente esa desigualdade da sociedade.

Por iso nós quixemos traballar no ámbito da educación e puxemos en marcha un programa novo e, cóbado con cóbado tanto cos colexios como coas ANPAS, darlles instrumentos ós nenos e nenas, porque por moito que avanzamos en dereito, con leis e con todo tipo de cuestións, os nenos cando van ó colexio seguen a xugar con pelotas e as nenas con monecas, aínda que nos disguste e aí empeza a maior desigualdade. Tamén na violencia tentamos traballar con xóves, implantando medidas novas.

Pero sobre todo como xa dixen, a incorporación ó mercado laboral é un dos elementos que máis se traballaron nos dous planes e por tanto tamén cremos que é importante mirar nesas 116 mulleres que nestes tres anos se incorporaron a postos de traballo, si que é crear unha liña distinta e nova que ó mellor non é unha liña co impacto mediático que pode ter a liña de transversalidade creando un observatorio, pero si vai beneficiar que esas mulleres se incorporen ó mercado laboral que é o que temos que acadar.

De todos os xeitos fíxese vostedes o interese que teñen os grupos da oposición, en concreto o Partido Socialista, polas políticas de muller que vostede me menciona unha moción de hai dous anos como incumprida porque non se fixo unha xornada para tratar a lei integral de violencia de xénero. Non só se fixo senón que foi case de forma inmediata, se non lembro mal foi o 18 de novembro e do Partido Socialista non asistiu ninguén. Chamoume a atención que logo de presentar unha moción sobre este tema concreto, non asistiran. Cando non se quere non se mira e está claro que por parte do Partido Socialista interese en facer o seguimento non o hai.



Coido que espuxen todas as accións encadradas dentro de cada un dos planes e, por certo, a pesar de estar nunha situación de minoría eses planes se tramitaron dende o Consello da Muller, no que todos os grupos políticos, todas as asociacións, moitas delas presentes hoxe e por tanto saben que é así, tiveron a posibilidade.

Nós presentamos un plan de violencia e un plan de igualdade para que se fixeran as suxerencias e se incorporaran as medidas que se creran oportunas. No caso de violencia a través dunha xornada de traballo e no caso do plan de igualdade a través das incorporacións. Lembro por exemplo que a Asociación Alecrín no plan de igualdade introduxo algunha modificación e pola contra Mulleres Nacionalistas Galegas suprimiron algunhas das actuacións.

Realmente pretendeuse dar participación a todos os grupos e por suposto a todas as asociacións. A colaboración que estamos a ter coas asociacións é do máis estreita e ademais neste plan, que coma nos outros fun detallando os obxectivos e as actuacións, facilmente se pode determinar se se ten executado ou non.

Neste intre podemos dicir que de ambos planes a execución é superior ó 60% se contamos o número de accións propostas que entre os dous planes suman máis de cen, respecto das executadas. Temos un balance e iso púdose mirar na intervención. Eu non son periodista e non domino tan ben a palabra coma vostede, son de ciencias e por iso ó mellor lle parezo máis técnica que política, cada quen ten o seu xeito do facer, pero si lle podo asegurar que as máis de cen accións que contempla o plan, distribuídas nos distintos obxectivos, máis do 60% está cumprido e o que non está pendente de se cumprir porque o plan ten unha vixencia 2005-2007 nun caso e 2004-2007 noutro, pero temos que ter en conta que nos dous é ata final de ano, por tanto nun estamos xustamente no Ecuador e no outro nun tercio.

Cando dicía que estou satisfeita coas medidas que implantamos refírome a que o estamos co traballo que se realiza por un equipo reducido de persoas, que se incrementou pero que sempre se necesita máis, e cuns orzamentos importantes pero tamén limitados. Por tanto cremos que as medidas que se levaron a cabo e o ritmo da execución é adecuado aínda que temos claro que nestes oito meses que quedan de traballo temos que seguir executando esas accións.

A Sra. Méndez tamén comentou sobre a transversalidade no ámbito dos deportes; coido que por primeira vez si a hai, en determinados

departamentos que teñen unha colaboración máis estreita como pode ser Emprego que ademais a considero necesaria, e tamén xa puxemos de manifesto que hai outros departamentos, como Educación, Urbanismo e Persoal nos que tamén están presentes esas liñas de transversalidade.

Por suposto que o ideal é chegar a ese punto que define o plan no que teñamos axentes de igualdade contratados como parte do cadro de persoal deste Concello e aí se demostra que seguimos a ser pioneiros. O plan si é pioneiro, falta desenvolvelo pero quedan oito meses para o facer.

No cadro de persoal é imposible que se incorporaran esas persoas á oferta posto que no 2006 non houbo orzamento nin oferta, pero está claro que mesmo nunha situación de minoría e con certas limitacións, levamos a cabo distintas medidas.

Respecto á campaña de violencia, sei que ás veces a vostedes non lles gusta que precisamente no Partido Popular teñamos este carácter dialogante, sobre todo cando por parte doutras organizacións se presume do ter pero logo cando se reparten as subvencións ó mellor van todas dunha cor e non de xeito equitativo ou atendendo realmente ás actuacións que se realizan. Vostedes dicía que o power point o resiste todo.

Vostede mesma recoñeceume o outro día que vostede é xestora coma eu e ó mellor non somos moi políticas ó uso pero coido que a xente xa está cansa de políticos que venden cousas que non fan, o que quere é que se fagan, quere ver respostas e non filosofías e coido que neso coincide comigo, pero coido que se puiden montar un power point coma este e de verdade que tentei do facer reducido pero cría e ademais así o miramos o outro día, na reunión que mantivemos que nos dixeron que era "cousa de chicas" que tamén diso habería que falar, da sensibilidade do homes desta Corporación, alomenos dalgúns.

Falabamos de que alomenos por unha vez requiríramos a atención dos homes e tamén dos medios de comunicación que saben que sempre insisto no tema da muller, por iso doime aínda que mo tomo como unha parte do exercizo político porque si me sinto realmente implicada coas políticas da muller, pódollo asegurar e senón pregunte ós meus compañeiros de grupo.

O outro día dicíamos que iamos facer algo que alomenos requirira manter a atención dos homes desta Corporación e que fose portada a política de muller; o urbanismo ou calquera outro tema, ocupa follas, ocupa espazos e sen embargo, como din "as cousas de mulleres" requiren pouco espazo. Precisamente a intención era que hoi, neste Pleno, todos e todas coñezamos

as medidas que se están a levar a cabo e non era outra a impresión. Afortunadamente eu aún teño unha aboa para que non teña que ser eu quen vanaglorie as miñas actuacións.

Si coido que hai un balance positivo; das actuacións realizadas un 65% están executadas, pódense mirar unha a unha, e o que non está feito en moitos casos é porque o propio plan de igualdade marca un cronograma e algunhas actuacións están para desenvolver nos próximos meses, ata maio e despois porque ata decembro quedan actuacións por realizar.

En canto a violencia de xénero precisamente fun eu quen en febreiro propuxen ó Consello da Muller buscar outras medidas de máis impacto porque é verdade que a campaña de "Eu non son cómplice" está deseñada xusto antes de cambiar do Goberno do Partido Socialista ó Partido Popular. Cando a Sra. Porteiro dende a oposición ensinoume, resérvome o que pensei da campaña pero lle din o apoio do Partido Popular porque cría que nun tema tan importante como a violencia, fose o deseño que fose, o importante era que houbera unanimidade e por iso esa campaña hoxe está aprobada por unanimidade dos catro grupos. Se se me quere acusar de algo, quizais o meu exceso é querer ter un consenso suficiente para que esta campaña nova se faga, tendo xa unha que ten a unanimidade do Pleno.

Sei que buscar a unanimidade no Consello Municipal da Muller no que hai vinte colectivos diferentes, cada un con fins diferentes e que non sempre están as mesmas, é complicado. Eu puiden forzar que algunha das campañas que presentamos en maio ou en setembro saíra adiante porque realmente había persoas que estaban dispostas a apoialas e se forzara ese acordo podería telo acadado, pero non o quixen facer así, quero que sexa unha campaña que nos guste a todas porque senón seguimos a trabalar con ista que ten acordo plenario.

Neste caso me pode recriminar que queira un excesivo consenso pero coido que ten que ser así, unha campaña que realmente nos impacte e por iso, logo de abrir dous períodos de suxestións, coma foi o mes de xuño e ata o 15 de outubro, como non chegou ningunha lanzamos un concurso que xa está preparado, invitando a todas as axencias de publicidade da cidade, para que presenten unha campaña co impacto que queremos acadar.

Pero vostede faloume dunha serie de cousas e fíxese que eu o sábado lía a prensa que dicía "Domínguez anuncia un campo de herba sintética en Barreiro... Vaise poñer en contacto co Concello para facer ese campo que está aprobado coa Xunta de Galicia no ano 2005". Felicítooo porque logo de

ano e medio teña a ben continuar con ese convenio asinado co goberno anterior porque xa empezaba a pensar que se ía anular como se fixo con outros.

Por iso eu en ningún caso quito a outras administracións públicas; aquí estamos no Concello de Vigo e por tanto eses estereotipos de comportamentos que hai entre homes e mulleres, tamén os que hai entre o Partido Popular e o resto coido que sobran ou alomenos eu non os podo consentir porque logo atopámonos con que actos que critica a esquerda, o partido Socialista, de dirixentes do partido Popular, hai persoeiros do Partido Socialista que os reproducen. Non queremos marcar eses estereotipos dereita-esquerda e valorar as actuacións concretas.

Coido que aquí presentamos campañas, feitos concretos, planes que son as ferramentas para articular as políticas e, aínda que algúns xa estean preparando o programa electoral do seguinte mandato, pódolles asegurar que ata maio de 2007 que é o meu compromiso con esta Corporación, seguiei a traballar ata o último día, non sei se con acerto pero si lles podo asegurar que con toda a intensidade para que no tempo que estea seguirei a traballar para que na medida das miñas posibilidades os dereitos de homes e mulleres sexan iguais e, por suposto, Sra. Porteiro, que ser concelleira de Muller imprime máis concienzación neste tema.

Xa teño recoñecido que nesta Corporación hai un traballo importante ó respecto pero coido que contribuíñ e vou seguir facéndoo para que sigamos sendo pioneiros. Vostede di que non contamos pero eu coido que si e o que queremos é seguir contando nun futuro.

SR. SOTO FERREIRO: Cometín un erro do que me acabo de decatarse. Cando hai unha especie de consigna, que eu saiba non está escrita pero moi clara, en canto de que o tema das mulleres mellor que o traten elas porque dende a súa propia problemática serán quen de se comprender e proxectar mellor, nunca máis. Se o resultado é o que acaban de poñer neste Pleno da Corporación anúnciolles xa que o Partido Galeguista, que renunciou pola miña vontade persoal de aceptar ese tipo de políticas de estar en reunións para nomear algo cara este Pleno, nunca máis o vou facer porque o resultado é patético, perdoen que lles diga.

Fixen unha intervención templada malia que aquí hai cousas que son erros graves. Eu xa dixen na Xunta de Voceiros que había que facer outra cousa e o Goberno empeñouse en manter este exordio de dúas horas de intervención

que excede co que soe ser unha conferencia. Agora si empezo falar e vou facelo de todos. O Goberno municipal ten que aprender a sinoptizar algo, a concretar algunhas cousas se é que é quen do facer.

Pero hai algo aínda máis grave: o Goberno municipal cando elixe un Pleno de autopropaganda, imos chamar ás cousas polo seu nome, elixe querendo ou sen querer un Pleno de confrontación. De primeiras non lle quixen entrar nin a iso pero os demais si o fixeron porque tamén me da a impresión que está desexando que haxa calquera metedura de pata do Goberno para entrar á confrontación e o da muller é un tema máis para discutir. Alá vostedes, paréceme que se equivocan todos gravisimamente.

Coido que este tema, aínda que teña consecuencias diferentes, non debера ser nin de dereitas nin de esquerdas. Ou é que non hai mulleres de clases altas, medias ou baixas que son maltratadas ou sofren violencias? Por certo que as consecuencias non son as mesmas porque ó mellor unha persoa de medios económicos pudentes pode afrontar mellor o problema que unha muller de familia tremendamente humilde que se convirte en auténtica escrava porque non ten posibilidade de fuxir a ningún lado.

Niso poderá haber consecuencias diferentes pero na orixe o problema é o mesmo e vostedes, en vez de facer aquí un esforzo para consensuar políticas, pois Sra. Molares, está presumindo vostede en fai moi ben en chegar a un consenso cos demais na campaña de "Non sexas cómplice". Pois perdoen se lles digo ós demais que estamos encantados de ter chegado a un consenso pero vostede agora non elixiu ese modelo neste Pleno, Sra. Molares, e é un erro grave do seu Goberno porque non é de seu.

Tiñan que ter elixido un modelo de consenso e eu propúxenllo na Xunta de Voceiros. Cando escoitei que ían facer unha exposición das políticas de muller díxenlles que me parecía que íamos por mal camiño, propúxenlles facer un acordo marco de todos e ir o Pleno cun esforzo de consenso. Podemos ter diferencias nalgunhas visións políticas e non hai que agachalo, mesmo no tema da muller, pero de cando en vez fagamos un esforzo de consenso para lle trasladar á sociedade que hai problemas de tanta gravidade que merece o esforzo de todos, por riba das políticas partidistas, para chegar a acordos eficaces en temas na miña opinión tan graves como, non xa da igualdade que o é, senón e sobre todo o tema da chamada violencia de xénero que eu lle sego a chamar "terrorismo doméstico".

Vostedes elixen esas políticas de confrontación para demostrar que uns teñen mellores ideas ca outros e a ver quen vai facer máis cousas que os outros. Paréceme un gravísimo erro, unha ocasión perdida, paréceme que non lle estamos facendo ningún favor á boa vontade de todos vostedes, que lla supoño a todos para traballar polo tema da muller pero o camiño elixido é nefasto na miña opinión.

Déixenme tamén que lles diga o que xa dixen na Xunta de Voceiros: cando haxa temas deste calibre poñámonos de acordo todos se é que queremos traballar en temas substancialmente iguais, independentemente das diferencias que loxicamente poidamos ter mesmo en temas de opinión, estoulles a dicir que para min o que vostedes chaman violencia de xénero é terrorismo doméstico. Ó mellor estou eu trabucado e vostedes teñen razón pero non vou facer elemento de confrontación nin diso nin de nada. Déixolles a miña opinión de pasada por se acaso puidera ter a posibilidade de ter unha maior eficacia do que din outros nestes temas.

Créanme que me da mágoa estar neste Pleno e que outra vez, e xa van demasiadas, que o Partido Galeguista teña que asistir a este concerto de despropósitos, de confrontacións permanentes en todo e por todo. Espero que nos toque unha Corporación na que algúns poidamos decidir para que realmente estes pandemoniums non se volten realizar.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Efectivamente na xuntanza que tivemos as mulleres que levamos os temas da política de muller, falabamos de que tiñamos que facer algo para que os homes prestasen atención, para que verdadeiramente conseguísamos implicar ós homes. Mesmo se nos ocorreu calar todas de súpeto para que empezaran intervir os voceiros masculinos para ver canto sabían de políticas de muller. Falamos de todo isto en amigable compañía, para que vexa o Sr. Soto que tamén se comentan estas cousas e non sempre hai política de confrontación.

Precisamente por parte do Goberno eu esperaba que dalgún xeito isto fose un debate motivador pero, Sra. Molares, claro que foi un aburrimiento, así non conseguimos implicar ós homes. Se vostede nos desglosa os obxectivos, as accións, a temporalidade dos planes de igualdade e do plan de violencia contra as mulleres durante dúas horas menos cinco minutos, contadas por reloxo, aburrimos ás cebras. Non podemos facer un relatorio desas características.

Eu mirei pormenorizadamente o cumprimento dos obxectivos pero non quixen entrar en si e en non porque eu pensaba que vostede ía traer unha avaliación do que se fixo, non codenarnos ó relatorio do que estaba aprobado xa nos Plenos e do que se falou no Consello da Muller. Vostede o que fixo foi un relatorio de todo isto e non nos truxo verdadeiramente a avaliación desas políticas, non nos xuntou antes ós grupo municipais nin ó Consello da Muller, a avaliación disto non se fixo. Pensei que hoxe nos traería catro cousas falando da avaliación e que ó mellor a súa intervención iase cinguir a media hora ou corenta e cinco minutos como moito e nós respostaríamolle dicindo co que estabamos de acordo e co que non pero vostede aburriunos cun relatorio inmensísimo que a verdade é que tiña razón a compañeira Sra. Porteiro, foi un auténtico aburrimiento.

Nós non queríamos iso, realmente queríamos a avaliación, queríamos participar dela. Nós e máis o Consello da Muller e non houbo, linme todas as actas do Consello da Muller e en ningún se fixo a avaliación das políticas que se están a facer. O mesmo sucede coas mocións.

Sra. Molares, o Grupo municipal ó que pertenzo presentou sete mocións ó longo dos dous últimos anos e desas sete mocións habería moitos puntos que non se puxeron en marcha. Sen ir máis lonxe e falando dunha moción que foi conxunta dos grupos sobre nomes de mulleres nas rúas. Diso falouse no Consello da Muller en novembro de 2003 e non por nós precisamente senón que foi polo MNX e polo Colectivo Violeta que se falou da importancia de lle poñer ás rúas, prazas, etc. nomes de muller e que ó mesmo tempo se puxera unha praca coa súa historia e vostede comprometeuse a pasar iso a Estatística. Pois mire por onde tivemos que chegar a maio deste ano para presentar unha moción os grupos pedindo que fose un acordo plenario para que iso se comece a ver porque efectivamente hai que aplicar a toponimia pero se vostede mira unha serie de rúas ás que se lles puxeron nomes que non eran toponímicos, maioritariamente seguen a ser nomes de home.

Vostede ten que facer cumprir esa política, esa é a súa xestión. Onde está? Preocúpase vostede de ir polo departamento de Estatística cando hai tres nomes de rúas? Precisamente hoxe temos tres nomes de rúas, dous son toponímicos e unha ten nome de home. Onde está o cumprimento? Mandouse a todas as asociacións veciñais, etc. un escrito dicindo que se suxire que poñan nomes de mulleres ás rúa? Eu non o vexo.

Non quixemos entrar niso, nin siquiera quixemos entrar en se se cumpriron ou non os acordos das mocións que nos presentamos.

Tamén hai outra cuestión. Vostede sempre se refuxia en que a oposición non lles aproba os orzamentos polo tanto o principio de mainstraiming, a transversalidade non se poden cumprir porque non podemos contratar unha técnica, non se xerou o RPT. Sra. Molares, levan contratando ó longo de toda a súa lexislatura dende 2004 milleros de asistencias técnicas. É certo que aquí di que hai que contratar unha técnica; non se pode contratar a unha técnica que hoxe é funcionaria e para substituíla contratar outra? Hai que cumprir estrictamente que sexa unha funcionaria? Ó mellor unha funcionaria actual pode pasar desempeñar esa función e contratar unha asistencia técnica para que cumpra os labores dunha fucionaria.

Non se escude nos orzamentos como sempre fai e non é unha cuestión de orzamentos como outras moitas veces, Sra. Molares, hai cartos para que hoxe a Sra. Alcaldesa inaugure o edificio da nova Alcaldía, 240.000 euros, un convenio coa Deputación. Aquí tamén se fixo un convenio coa Deputación para traballar contra a violencia de xénero. Por qué non se fixo unha contratación dun axente de igualdade? Nin siquera ten que ser muller, encantariame que fose un home quen traballara nisto.

O que pasa é que hai prioridades, Sra. Molares, e ten que recoñecer que esas prioridades non son precisamente políticas de muller en moitos aspectos.

En canto a cuestión do continuismo nós estamos encantados de que vostede continue levando á práctica os planos que se aprobaron nas anteriores lexislaturas. Tanto a Sra. Porteiro, como a Sra. Gandón, a Sra. Fernández foron mulleres que traballaron a prol da igualdade, mulleres que deixaron aquí parte da súa vida facendo ese traballo, foron as primeiras que empezaron facer os planos de igualdade e traballaron na violencia de xénero.

Nós queremos que se continue a traballar nisto pero queremos que se poña interese, que se poñan iniciativas novas porque se sinxelamente vaise limitar a un continuismo. Esa era a nosa crítica, non faga só continuidade, ten todo o noso apoio para toda iniciativa nova que veña, coido que xa o demostramos sempre, nos Consellos Municipais, animando a que traballe e demostrámolo día a día en colaboración con vostede.

Non estamos na súa contra, Sra. Molares, queremos que faga máis e coido que é lexítimo por parte da oposición pedir que o Goberno faga máis, non chegan as políticas de muller, hai que seguir traballando duramente e os obxectivos están a medio cumprir. O plano de violencia contra as mulleres



remata exactamente no 2007 e empezou a primeiros de 2004 e este empezou en novembro de 2005 e remata no 2007, levamos a metade.

Hai que traballar, que cumprir os obxectivos que están aquí, hai que innovar e poñer cousas novas.

Non se trata de confrontación, Sr. Soto, trátase de pedir ó Goberno que faga as cousas que ten que facer. O Goberno sabe que conta con nós, que conta con toda a colaboración. Non sabemos se fomos as primeiras en dicir que o problema da muller non é unha cuestión de partidos que é cuestión de toda a sociedade e polo tanto todos debemos unírmolos. Pero tamén recoñecerá que de cando en vez hai que lle pedir contas á oposición e lembrarlle o que non fixo.

Sra. Molares, non me gusta que se quede a xente coa impresión de que non ten o noso apoio, non me gusta que porque lle dixemos dende aquí as cousas que non se fixeron, pensen que non queremos traballar en políticas de igualdade. Queremos que sega todo e ten o noso apoio para continuar pero o que queremos é que faga cousas novas e que traballe verdadeiramente, que se vexan esas cousas porque cando falas polas rúas oes que seguen a morrer mulleres, temos problemas para cando unha muller que sofre violencia de xénero quere deixar o neno, o servizo do canguro ás veces non funciona... Iso é o que queremos que se faga e xa, Sra. Molares, de verdade.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Un clarexamento histórico respecto do II plano municipal para igualdade de oportunidade e de trato das mulleres de Vigo. É lóxico que a Sra. Méndez teña esta confusión porque si é certo que houbo un plano 2003-2004 que vostede logo cambiou e fixo o seguinte plano de 2004 en adiante. É dicir, que houbo un cambio de goberno e un cambio de dirección na política da concellería. Non é para debater con vostede esta cuestión, estaba clarexando á Sra. Méndez que pode haber unha certa confusión de datas neste tema.

Sra. Molares, alegrámonos moito de que este debate se teña producido e eu persoalmente non me arrepiño de nada do que aquí dixemos, nin vostede nin os outros voceiros que aquí interviron porque o fixeron no exercizo da nosa liberdade democrática, con erros ou con acertos. Seguramente nós tamén poderíamos ter feito outro discurso pero o que vostede fixo crea as canles polas que terán que ir as respostas da oposición.

Cando propuxemos o debate o que pretendiamos era que se visibilizase, que por unha vez se puidese falar amplamente da política a prol das mulleres

no Concello de Vigo e que servíu sinxelamente para facer un balance de xestión cuantitativa, que non cualitativa, do traballo da súa concellería. O que nós votamos de menos é a ausencia de preguntas da responsable de política de muller deste Concello; a ausencia de inquiredanzas, de consulta, de consenso sobre qué nos queda por facer, cómo o deberíamos facer, cómo implicar a todos os que hoxe están de maneira amable participando neste Pleno pero ó mellor probablemente non tan interesados como a nós nos gustaría que estivesen. Iso faltou na súa exposición e vostede indicounos o camiño que tiñamos que seguir neste Pleno como oposición, fíxonos ser oposición e como tal actuamos para a axudar dende o noso papel a facer o que nos parece que tamén se debería seguir facendo.

En primeiro lugar visibilizar; segundo, pensar máis no futuro que no pasado. E agradézolle moito a mención persoal que me fai que queda para a miña vanidade persoal porque non serve para máis nada, porque de cara ó futuro iso non serve para gran cousa e o que deberíamos estar falando aquí é do que nos queda por facer, das dificultades que de verdade temos.

Vostede dixo algo máis na segunda parte da súa intervención que na primeira e iso non é filosofía, non hai que desvalorizar a política, Sra. Molares. Sen política non hai cambio social, aí si que hai unha diferenza de formulamento ideolóxico entre vostedes e o que chaman a esquerda dese xeito un tanto despectivo; sen acción política, sen compromiso político non hai cambio social e non é igual facer ese cambio dende a pregunta qué queda por facer, qué temos que facer, cómo o temos que facer, sabendo que todas e coido que todos os que estamos aquí somos copartícipes desa preocupación.

Coido que vostede tuvo unha exposición errada na súa intervención, daí o ton da nosa. Un reproche persoal: cando lle falei da moción que presentamos e que non se cumpríu, vostede colleu o porco polo rabo e non dixo a verdade. Envieilla para que a lese e mirase do que estaba a falar e non o fixo pero de todos os xeitos vouna lembrar nun próximo Pleno para voltar falar do asunto, sinxelamente porque non me parece correcto terxiversar o que lle estaba dicindo. Falar de falla de interese e dunhas xornadas das que ninguén falou porque o que di esta moción non ten nada que ver cunhas xornadas que vostede fixo tres días despois. Polo tanto retomaremos esta cuestión, voltaremos presentala e discutila xa que vostede non se lembra e espero que a voltemos aprobar e, esta vez si, dándolle ó Consello Municipal da Muller as prerrogativas que nós consideramos que poderían recaer en vostede e que hoxe nos demostrou que foi un erro.

Deséxolle moita sorte para o futuro, na Corporación e fóra e que sega dentro do grupo de persoas comprometidas con esta loita. Disculpe se algo non lle gustou da nosa intervención pero tamén reflexione sobre cómo acadar consenso nesta materia, a nosa complicidade tíaa de anteman e hoxe vostede perdeu a oportunidade de disfrutar dela.

SRA. MOLARES PÉREZ: Non espero crear nesta última intervención máis conflito e se consideraron a miña forma de expoñer o tema, que eu coido que si é realmente un balance de actuacións no que se encadraron todas as medidas e se plasmaron todas as directrices políticas, posto que os planes aprobados que como ben dicía a Sra. Porteiro había un plan 2003-2004 aprobado polo anterior Goberno e sen desenvolver polo cambio no 2003 dos distintos gobernos e que eu, na medida do posible, tentei no 2004 continuar aplicando ese plan porque precisamente era un plan aprobado por todos os grupo políticos, completar as actuacións que non se fixeran cun marco un tanto desvirtuado posto que practicamente todo se executou nese ano 2004.

Precisamente tamén analizamos ese plan para propoñer esas directrices políticas nos dous planes, no de violencia e no de igualdade. Por tanto a directriz política está na súa aprobación, se non tivésemos aprobado eses dous instrumentos, programas marco onde se ancadran todas as liñas políticas, poderían dicirme que non fixemos política, pero realmente os planes están aprobados, temos as ferramentas a nivel municipal para poder acadar ese apoio e colaboración de todos os grupos políticos.

Reitérolle ó Sr. Soto que eu si que creo que en ámbitos determinados da vida municipal o consenso é fundamental para poder acadar máis e sobre todo nun tema tan importante coma é o da igualdade, que vai parello cun tema aínda máis importante coma é o da violencia.

Por iso eu non tentei en ningún caso eliminar o debate, pola contra quixen claramente e de forma transparente presentar todo o que hai porque ás veces si é verdade que as cousas que se fan na política de muller non teñen a repercusión mediática que nos gustaría e por tanto coñecer todas as actuacións que se están a facer para poder realmente valoralas. Todas están ancadradas en obxectivos e en accións, polo tanto facilmente avaliábeles.

Reitero que se imos acción a acción, precisamente pareceume que sería máis tedioso ver a execución de cada unha delas pero podemos dicir que das 110 actuacións, máis da metade esta cumprida e en cada unha das áreas podemos mesmo analizar a porcentaxe. Precisamente os planes o que tiveron, e iso

incorpora algunha novidade respecto ós anteriores, é unha avaliación que se fai conforme se van executando e por tanto é fácil para calquera poñer si ou non en cada unha das accións.

Se de verdade as analizamos pódese dicir que máis do 60% están executadas ou en execución. Agás na do principio de "mainstreaming" que podemos ter un 10, nas demais son 50, 90, 80, 65, 50% en cada unha das áreas e pódolle garantir que as porcentaxes as teño realizadas.

O que pretendiamos era dar unha visión global e incorporar esas novidades que aportamos. Coido que o principio de "mainstreaming" é o fundamental, o que realmente xera seguir sendo pioneiros.

Non me excuso nun orzamento non aprobado no 2006, tampoco pretendo victimismos, realidades si, non podo dicir que estea na oferta de emprego público porque non se aprobou. Pero por iso digo que aínda quedan sete meses e, aínda que a perspectiva é ata decembro, tentarei que antes de maio de 2007 esas prazas, se os grupos políticos da oposición non teñen a ben aprobar ese orzamento, eu si que tiña previsto ir á opción da asistencia técnica pero como última medida porque o propio plan establece que esas prazas sexan convocadas a través da oferta de emprego público.

A asistencia técnica xa se me ocorrera e de feito a teño prevista para este exerciz, se unha vez que o meu compañeiro o Sr. Guerra presente a súa proposta, sae rexeitada. Xa anuncio que tiñamos contemplada esa opción. Neste momento si está incumprida e díxeno claramente na miña intervención por iso coido que si fixen unha avaliación e dixen que esa proposta en concreto non estaba aprobada.

Para ser positivos e realmente aportar o que coido que queremos todos e todas que é visibilizar as políticas de muller e seguir avanzando, comentar sobre o que falou María Méndez referente ós canguros e por iso neste ano incorporamos un 40% máis e aí demos un cambio cualitativo importante para que sexan as mulleres, sobre todo as vítimas de violencia de xénero e as que o necesiten por temas de emprego, quen teñan un servizo de canguros e por iso fixemos hai pouco esa modificación orzamentaria para que haxa un 40% máis de recursos para ese servizo de axuda a domicilio de nenos.

Temos actuacións concretas que pretenden mellorar a situación das mulleres pero imos seguir necesitando do apoio de todas e todos para acadar unha mellora. Nese sentido non me pareceu nada mal das intervencións, o xogo político é así e é lóxico que me estimulen, tanto dende o Consello da Muller como dende os propios grupos políticos. Agradezo ese estímulo sempre

que sexa cun fin constructivo e non electoral. Que tenten facer que a vixencia do plan que mesmo se execute con maior rapidez. Agradézoo porque a crítica, sempre que é constructiva é un estímulo para seguir traballando. Quería agradecerlle a todos os voceiros a súa intervención neste Pleno e esperar que sirva para seguir aportando medidas e iniciativas que contribúan a acadar esa igualdade real que, aínda que nas leis poida aparecer como real, estamos moi lonxe de acadar. Para isto é fundamental acadar a implicación dos homes e por iso a política de muller por primeira vez abríuse a incorporar cursos e programas directamente dirixidos ós homes porque cremos que é con eles e con elas como podemos conseguir esa igualdade real.

Moitas grazas a todos os grupos, a todos vostedes pola súa paciencia se é que foi tan aburrida a presentación porque se mantiveron nos seus postos e por suposto a todas as mulleres que asisten como público e, como non, ós medios de comunicación.

*Antes de rematar o Pleno, a Corporación e máis o público asistente no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres mortas vítimas da violencia de xénero.*

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.